

# TRABALLOS

# DE

# II

# ARQUEOLOXÍA

PUBLICACIÓN DO GRUPO DE ARQUEOLOXÍA  
ALFREDO GARCÍA ALÉN PARA TRABALLOS DE  
PROSPECCIÓN E CATALOGACIÓN DO PATRIMONIO  
ARQUEOLÓXICO E ANTROPOLÓXICO

**A PREHISTORIA DE PONTEVEDRA**



TRABALLOS DE CAMPO

Miguel González Fernández  
Montserrat García Lastra  
José Carlos Pascual García  
Ramón Patiño Gómez

DATOS e TEXTO

Ramón Patiño Gómez	Paleolítico-Neolítico- Megalitismo-Campaniforme.
Antonio de la Peña Santos	Calcolítico-Bronce- Arte rupestre
José Carlos Pascual García	Castros
Miguel González Fernández	Romanización-Vías- Relixión Numismática-Artes suntuarias

Coordinador: Ramón Patiño Gómez

Depósito Legal VG 189-89  
ISBN: 84-404-2061-7

O concello de Pontevedra pertence a provincia do mesmo nome. Situado o fondo da ría de Pontevedra e a ámbalas dúas marxes do río Lérez, esta comprendido entre as coordenadas 42°20′/42°30′ de latitude Norte e 8°33′/8°41′ de lonxitude Oeste.

Limita ó Norte cos concellos de Barro, Moraña e Campo Lameiro; ó Este cos de Cotobade e Pontecaldelas; ó Sur cos de Soutomaior, Vilaboa e Marín, U óeste co de Poio e a ría.

Cunha extensión de 117 Km<sup>2</sup> alongase, de Norte a Sur, en case que 20 Km. Divídese en 15 parroquias rurais, Alba (Sta María), Bora (Sta Mariña), Campañó (S. Pedro), Canicouva (S, Estevo), Cerponzóns (S.Vicente), Lérez (S. Salvador), Lourizan (S.Andrés), Marcon (S. Miguel), Mourente (Sta María), Pontesampaio (Sta María), Salcedo (S, Martiño), Tomeza (S. Pedro), Berducido (S. Martiño), Xeve (S. Andrés) e catro urbáns de S. Bartolomé, Sta María, S. Xosé e Virxe do Camiño. Destas parroquias foron antigos concellos, hoxe fusionados, as de Alba, Mourente e Salcedo ata 1868, Xeve ata 1944 e Pontesampaio ata 1960.

Topográficamente o municipio compartimentase en catro sectores montañosos separados entre si por dúas liñas tectónicas de dirección N-S e NE-SO.


Ó norte de Lérez, ocupan unha grande parte da depresión meridional, as parroquias de Lérez, Alba e Cerponzóns, desde onde se sube por Campañó ó Castrove, cunha altitude de 600 mts. Na outra vertente o fan as de Xeve e Berducido cara o Acibal, cunha altitude de 500 mts.

A rocha do substrato do releve pontevedrés é granítica con dous tipos herciano de dúas micas e gneis. O mesmo tempo hai unha banda de rocha metasedimentaria precámbrica e paleozoica pola parroquia de Lourizán. Da evolución morfolóxica destacaremos os restos de erosión do terciario, e a deriva da superficie superior eogena dos relevos máis elevados. Da formación do Pleistoceno é a parte oriental e o suroeste do Lérez; da formación cuaternaria son as terrazas fluviais do Lérez e o casco antigo da cidade.

O clima de Pontevedra é templado e chuvioso, como a meirande parte da costa occidental galega, mais con algunhas particularidades derivadas da súa situación no fondo da ría, e da súa posición entre macizos montañosos.

O Lérez é o eixo da rede hidrográfica do concello. O atravesa de Este a Oeste, nun percorrido duns 10 Km sendo moi caudaloso, si ben no seu estuario depende do réxime das mareas. O río conta con abondosos afluentes que manteñen este caudal durante todo o ano. Entre este subliñaremos o Granda, que verte na Xunqueira de Alba, o Castrove e o Rous, que serve de asento o encoro de Pontillón, e polo Sur o Tomeza e o Almofrei.

A situación xeográfica, os abondosos ríos, a ría e as amplas zonas de cultivo fixeron deste municipio un lugar doado para o asentamento humano dende épocas moi remotas como así o testemuñan os restos arqueolóxicos: catorce machados neolíticos, as dezaseis mámoas, os machados de cobre, os dezanove machados de bronce, os gravados rupestres, os doce castros e os abondosos restos do período romano.



Cortes xeográficos do municipio de Pontevedra

## PALEOLÍTICO- MESOLÍTICO

### 150.000-8.000 A.C.

Dentro das Idades da Pedra o Paleolítico está definido pola aparición dos primeiros útiles que o home prehistórico comeza a usar para asegurar a súa supervivencia. Para elo desenrola unha serie de técnicas que lle permiten fabricar os útiles, por percusión maiormente, a partir de seixos de cuarcita ou osos.

As comunidades paleolíticas moran en pequenas covas ou en abrigos, preto das armadas dos montes, as gándaras e os ríos, sempre na procura dun lugar doado onde poder cazar. A actividade económica básica destes homes sería a caza e a recolleita de froitos silvestres. Por elo podemos definilos como pequenas unidades sociais con asentamentos temporais e estacionais, e cun modo de vida itinerante trala caza.

A meirande parte dos achádegos de pezas deste período son isolados preto dos ríos e as xunqueiras. Ata hoxe descubríronse poucos asentamentos paleolíticos onde houbera testemuña de fogares e obradoiros de pezas. O útil máis característico deste momento é o bifaz (machado feito a partir dun seixo) e tamén de fendidores, coitelos, cantos tallados de forma monofacial ou bifacial, etc.

#### **Pontevedra, Sta María**

°-D. José Antonio Fernández Recuna atopou un núcleo de sílex que foi ingresado no Museo de Pontevedra co numero de rexistro 3544.

Bibliografía: 1, 2


°-Nas cercanías da PONTE DO BURGO, D. José Manuel Martínez Sarandeses, en 1957, atopou unha lasca de sílex atípica de patina amarelenta que ingresou no Museo de Pontevedra, nº rexistro 3575.

Bibliografía: 1, 2


#### **Campañó, San Pedro**

°-No lugar de Ferreiros foi achada no 1964, por D. Antonio Rodríguez Fraiz un machado bifaz de cuarcita rosa que foi entregado no Museo de Pontevedra co rexistro 4405. Apareceu nun punto coñecido por Curuxeiras a uns 60 metros do río do porto. Trátase dun bifaz de forma amigdaloides cun peso de 1.350 gramos e mide 18,5 cm. de alto, 11 cm. de ancho máximo e 7 cm. de grosor.

Bibliografía: 1, 2



Bifaz de Campelo



## NEOLÍTICO

### 8000-4500 A.C.

O Neolítico representa unha revolución na vida do home prehistórico. Encetase a actividade agrícola, domesticáanse algúns animais e levase a cabo un proceso de sedentarización temporal que afecta o modo de vida e o réxime alimenticio. A produción agrícola vai tomando o posto da caza como elemento básico na alimentación, e todo elo plasmase na aparición de ataños cerámicos para conter os líquidos e os graos, así como na elaboración de útiles pulidos.

O medio xeolóxico é explotado dun xeito máis amplo que nas etapas anteriores para fabricar uns machados pulidos a base de varias rochas, así como para o uso da arxila na fabricación de vasixas. Xeralmente inclúese neste período os machados pulidos que dunha maneira isolada se foron atopando.

#### **Bora, Santa María**

°-No Castro de Bora atopouse un machado pulido.

#### **Lourizán, S. Andrés**

°-No Outeiro do Marco atopouse un machado pulido.

°-Nalgún lugar desta parroquia localizouse en 1953 un machado pulido de 8,6 cm. de lonxitude e 4,9 cm. de ancho. Foi doado o Museo de Pontevedra por D. Xosé Moreira Pumar, co nº 3649.

#### **Mourente, Sta María**

°-No monte Outeiro encontrou D. Alfredo García Alén un machado pulido que está no Museo de Pontevedra co rexistro nº 1342.

Bibliografía: 1

#### **Pontesampaio, Sta María**

°-Nesta parroquia recolle o Sr Solla uns cinco machados pulidos que foron parar o seu Museo de Arcade e logo o Museo de Pontevedra.

Bibliografía: 7

°-O pe do Castro de Pontesampaio atopáronse dous machados de pedra pulida.

#### **Salcedo, S. Martiño**

°-No lugar denominado Cruceiro, no 1958, D. José Torres Garduño encontrou nun camiño un machado pulido de 9,7 cm. de longura, que foi ingresado no Museo de Pontevedra con numero 3654.

Bibliografía: 1

## MEGALITISMO

### 4500-2000 A.C.

O Megalitismo é un fenómeno que se da na prehistoria galega, e que está presente na xeografía do noroeste cunha grande cantidade de restos, non so en Galicia se non tamén no norte de Portugal. Todo o megalitismo do oeste peninsular ten un fondo común, que se discirne con facilidade no conxunto desta area xeográfica, debéndose considerar como un dos máis antigos fenómenos que aparecen con carácter xeral.

A cronoloxía do período megalítico está a sufrir, nos derradeiros anos, unha serie de modificacións por mor das investigacións feitas durante os anos 1982, 1983 e 1984 na provincia de Pontevedra. A consecución de datacións mediante análises de C14 amosa un envellecemento das datas ata agora consideradas, ampliando a súa pervivencia na zona do NO dende o V Milenio ata finais do II Milenio.

O megalitismo ten unha mostra característica coa aparición dunha grande cantidade de túmulos funerarios, coñecidos xeralmente por mámoas, modorras, medoñas, antas, ..., que se localizan nos chans altos dos montes e nos que se facían enterramentos colectivos. A forma destes túmulos é circular ou alongada cuns eixos entre 10 e 40 metros e unha altura tumular superior os 60 cm. A estrutura dos mesmos componse dunha cámara funeraria, denominada dolmen, construída con grandes lousas de pedra que presenta unha variada forma e planta. Esta cámara está sepultada por un túmulo de terra que nalgunhas ocasións posuía unha coiraza de pedras pequenas que axudaban a manter as terras no seu sitio en contra dos efectos climatolóxicos co paso do tempo.

A partires dos século XVII, máis concretamente do 1609, estes túmulos van sufrir un proceso de deterioro ocasionado polas violacións dos aldeáns na procura de ouro e riquezas que naquel tempo se pretendía que tiñan estas tumbas. Como consecuencia pódese afirmar que case que tódalas mámoas foron saqueadas e logo, quizais o longo do século XIX, volveron a ser saqueadas para extraer as pedras da cámara e utilízalas nos labores de construción de casas e valados.

Os cadáveres de cada familia ó ser inhumados nestes monumentos ían acompañados por uns enxovais funerarios compostos por útiles característicos deste período. Así pódense constatar machados pulidos de tradición neolítica, pezas xeométricas de sílex e cristal de rocha, usados presumiblemente como dentes de fauces de madeira, puntas de frecha de pizarra, cristal de rocha, sílex e nalgúns casos de materiais alleos a zona como as de basalto documentadas en Chan da Cruz-Vilaboa (1), coitelos de sílex e diferentes ataños cerámicos con decoración sinxela ou sen ela.

Ata o momento no foi posible atopar algún tipo de xacemento que se puidera identificar cun poboado megalítico agás quizais os de O Regueiriño e Fontenla, ámbolos dous en Domaio-Moaña, cuns niveis arqueolóxicos pre-campaniformes.

As comunidades megalíticas baseaban a súa economía na recolleita de froitos silvestres, nunha agricultura itinerante polo sistema de roza (tala e queima de fragas para logo plantala unha vez fertilizada a terra coas cinzas), e a caza, como así o testemuñan as pezas líticas dos enxovais e os análises edafolóxicos feitos nos derradeiros anos (2).

A sociedade parecía estar estruturada en comunidades igualitarias, a maneira de tribus, nas que non se aprecian signos de xerarquía, en territorios acotados onde practicaban unha trashumancia agrícola. Nesta división territorial parece ter moita importancia a localización das mámoas que por veces

aparecen en grandes campos de túmulos, zonas de terra de ninguén nas partes altas dos montes que separan os vales.

A característica máis significativa do megalitismo é a enorme importancia que tiña a relixión. O levantamento de auténticos cemiterios, e o abondoso numero de mámoas existentes, indican un grande compoñente relixioso de respecto os mortos e unha crenza moi forte noutra vida trala morte. A existencia de rituais funerarios tamén pódese documentar nas lousas de algúns dolmens que amosan gravados xeométricos, maiormente liñas onduladas.

De cando en vez, a sacralidade da mámoa reforzábase ca construción o redor da mesma, dun anel periférico de pedras, ficadas verticalmente, que delimitaba dunha maneira máis axeitada o terreo pertencente o monumento.

Quizais estas razóns leven a coidar que a construción dun túmulo estivese motivada, ademais de pola función funeraria, na realización dunhas cerimoniais comunitarias onde tódolos membros dunha tribu, e pode que tamén dalgunhas outras limítrofes, participaban.

### **Catalogación de xacementos megalíticos**


Cando en 1971 comezaron os labores sistemáticos de catalogación de xacementos megalíticos, tarefa feita dende o Museo de Pontevedra co patrocinio da Fundación Pedro Barrié de la Maza, tívose que recurrir a inxente obra que se fixera, o longo dos anos, nesta institución, onde existía un ficheiro arqueolóxico recompilado por D. Alfredo García Alén e D. Xosé Filgueira Valverde. Unha boa parte deste ficheiro fora publicado polos citados no ano 1953 baixo o título de "*Materiales para una carta arqueológica de la provincia de Pontevedra*", que tivo algunhas adicións nos tomos IX, XIII, XXIX e XXXI da revista El Museo de Pontevedra.

Estes traballos de catalogación fixéronse máis intensivamente a partir do ano 1981, ca axuda de becarios de devandita institución. Logo a partires de 1985 continuaron a realizarse dende a Sección de Arqueoloxía do Grupo de Arqueoloxía "Alfredo García Alén" que dende a súa fundación está levando adiante unha sistemática catalogación dos xacementos arqueolóxicos da provincia.

### ***Xacementos***

Na localización de túmulos megalíticos no municipio de Pontevedra determinamos seis zonas xeográficas. A meirande parte delas localízanse preto dos límites administrativos do municipio, correspondendo con zonas topográficas de carácter divisorio entre vales.

Neste traballo numeráronse os túmulos nas diferentes zonas e se indican os eixes e a altura actual dos mesmos.



### ZONA I

Localízase o Sur do municipio na confluencia da parroquia de Pontesampaio co municipio de Pontecaldelas, pertencendo a parroquia de Marcón.

Está dividida en dúas subzonas: unha o redor do Outeiro Redondo con catro mámoas, destacando as de Chan da Raña, e outra na ladeira do Monte Logrado, o borde dunha chaira.

As mámoas da primeira zona (2-3-4-6) sitúanse por riba dos 300 metros de altitude sobre o nivel do mar. As da segunda zona (5) localízanse por riba dos 450 metros de altitude.

A vexetación está composta por plantacións de pinos e eucaliptos, en montes comunais adicados á produción forestal.

**Nº 2- 15-15-0,90**

O túmulo conservase ben, cunha violación de 5 metros de diámetro. Localízase moi preto da estrada.

**Nº 3- 13-13-0,60**

Túmulo moi destruído polas labores forestais e pola remoción de terras que se fixeron recentemente. Localízase fronte a anterior o atravesala estrada. Hoxe en día xa non se aprecia moi ben e a súa violación está cuberta por escombros.

**Nº 4- 13-13-0,70**

O túmulo mantense moi ben rodeado por camiños e ten unha violación de case catro metros de diámetro. Localízase a esquerda do camiño que vai o polvorín.

**Nº 5- 14-14-1,00**

O túmulo mantense ben destacando o fondo da chaira de Monte Logrado. Na violación conserva unha pedra da cámara.

**Nº 6- 12-12-0,60**

O túmulo está moi deteriorado o ser afectado polas correiras do transporte das arbores cando as talas forestais. Aprecíase a violación central de case tres metros de diámetro e pouca profundidade. Localízase o Norte da mámoa 2, preto dun camiño.

Todas son inéditas. No Chan da Raña, con toda probabilidade, deberon existir máis túmulos pero as remocións de terras xa citadas e a edificación de galpóns e fábricas modificaron moito o terreo, maiormente na zona Sur deste chan.

## *ZONA II*

Localízase o Norte do municipio nun espigón que separa Berducido de Cerponzóns, pertencendo a parte máis meridional do mesmo á parroquia de Lérez. O desenrolo de Norte a Sur é topográficamente ondulado con pequenos chans entre outeiros por riba dos 200 metros de altitude. As mámoas localízanse preto de valados en zonas libres, correspondendo a 9 e 10 a Berducido e as 11-12-13 a Lérez. A vexetación é de piñeiros e eucaliptos destinados a industria forestal. A zona coñécese como As Chans.

**Nº 9- 17-15-1,60**

O túmulo conservase ben cunha violación de catro metros de diámetro e unha profundidade de case un metro. pódense ver na súa superficie pedra miúda que puidera pertencer a coiraza. Localízase o NO do depósito de auga de Berducido.

**Nº 10- 13-12-1,10**

O túmulo está ben definido cunha violación de 3 metros de diámetro e 0,70 de profundidade. Localízase o borde dun valado a beira do camiño.

**Nº 11- 14-12-1,20**

O túmulo foi danado por unha pista de motocrós, utilizándose para os saltos. A violación é de cinco metros de diámetro e ten una profundidade de sesenta centímetros.

#### **Nº12- 13-10-1**

Túmulo en bo estado que conserva algunhas das pedras da cámara, amosando entre a vexetación, cunha violación de tres metros de diámetro e setenta centímetros de profundidade. Localízase o Norte da anterior preto dun valado.

#### **Nº 13- 14-10-0,60**

Túmulo moi destruído pola pista de cros antes citada. Nótase ben a violación de catro metros de diámetro e sesenta centímetros de profundidade. Localízase o Este da anterior na parte máis outra do chan.

Todas son inéditas. Polo que respecta a zona pertencente a Berducido puido haber máis mámoas no espazo comprendido entre a 9 e a 10, mais fixéronse varias explanacións e remocións de terras por mor da construción de depósitos de auga, que puideron facelas desaparecer.

Na zona de Lérez hai referencias bibliográficas, sen concretar localización, sobre algúns lugares onde había mámoas. Así nun documento de Ordoño II ó Mosteiro de Lérez, no ano 916, se di “per illan antan quae stat in illo fontano”, e o padre Sarmiento no seu “Viaje a Galicia”, do ano 1745, fala do topónimo Anta nesta parroquia no lugar de Cedofeita. Quizais algunhas destas referencias podan sinalar as mámoas descritas.

### *ZONA III*

Localízase o Oeste do municipio, nunha depresión situada entre o Castrove e o Monte Tomba-Montecelo, formando parte do saínte que separa Pontevedra do Concello de Poio.

Os túmulos atópanse por riba dos 100 metros de altitude, nun pequeno penichán de ondulacións suaves.

A vexetación está composta por piñeiros e eucaliptos que se adican a explotación forestal.

#### **Nº 16- 19-17-0,60**

Túmulo moi desfigurado, aínda que se aprecia ben, pola plantación de retoños de eucaliptos. Violación de dous metros de diámetro e sesenta centímetros de profundidade. Descuberta por Rodríguez Fraiz, párroco desta parroquia de Campañó.

#### **Nº 17- 14-14-0,60**

Túmulo ben conservado. A violación central ten un diámetro de tres metros cunha profundidade de cincuenta centímetros.

#### **Nº 18- 10-10-0,60**

Túmulo moi debastado, invadido de xestas e silveiras. Está situado o Sur das anteriores, cun diámetro de violación de catro metros e corenta cm. de profundidade. Descuberta por Rodríguez Fraiz.

Estes tres túmulos están no interior dunha finca, Agro do Cabaleiro, o carón da casa do crego. Cando os donos decidiron plantar eucaliptos danaron de forma irreversible as mámoas.

#### **Nº 19- 18-18-0,70**

Túmulo ben conservado a esquerda do cruce de Campañó, tralo depósito de auga. A violación ten uns sete metros de diámetro e sesenta cm. de profundidade. Localízase en Campañó de Arriba.

Bibliografía: 10-9-7-1

#### **Nº 20- ¿?**

Túmulo desaparecido o construírse un chalet. Existía constancia da súa ubicación e na prospección os propietarios do terreo sinalaron onde antes estivera. Localizado ó Este da anterior.

Bibliografía: 10-9-7-1

#### **Nº 21- ¿?**

Túmulo case que destruído pola ampliación e mellora da estrada que percorre a zona cara Pontevedra. As remocións ocasionadas pola mesma finaron por reducila a un amasallo de escombros.

Bibliografía: 9-7.

Na zona de Campañó deberon existir máis túmulos que foron desaparecendo polas mesmas causas citadas con anterioridade ó describi-los hoxe coñecidos. Esta é unha zona de moita concentración urbana, con leiras, onde se traballa de cotío. Este grupo de mámoas relaciónanse, no carácter divisorio, coas localizadas no alto de Montécelo-Tomba, xa dentro do concello de Poio.

### *ZONA IV*

Localízase o SO do municipio, no límite co concello de Marín. Trátase dun penichán isolado que sufriu grandes modificacións na súa parte SE polas pistas e os cortafogos feitos polo campamento de Figueirido. Os túmulos están nunha altitude próxima os 300 metros. A vexetación está composta por piñeiros. A zona coñecese como Chan da Lagoa.

#### **Nº 7- ¿?**

Túmulo de dimensións pequenas que está danado por un valado. Localízase a beira do camiño que vai o petouto central que hai neste penichán.

#### **Nº 8- ¿?**

Túmulo moi desfeito que conserva na violación unha das laxes da cámara. Foi parcialmente danado o estar dentro dun valado adicado ó cultivo.

### *ZONA V*

Localízase o Sur do municipio na banda Oeste no límite que separa Pontesampaio de Vilaboa. O chan está baixo a Canicouva, e é coñecido polo Chan de Longas, que está isolado no medio dos montes que marcan os límites municipais dende Paredes ata o Monte Logrado. Sitúase por riba dos 340 metros de altitude. A vexetación é de piñeiros.

**Nº 1- 20-12-1,80**

O túmulo conservase ben, faltando unha parte do mesmo que lle arrincou a estrada que leva dende Cacheiro a Canicouva. Conserva parte das pedras da cámara e óllanse pedras miúdas na superficie da mámoa. A violación ten un diámetro de sete metros e unha profundidade de setenta centímetros.

Hai espazo abondo para a existencia dalgúns túmulos mais, pero os pequenos chans escalonados foron aproveitados para labores agrícolas. Por outra banda existe na bibliografía, El Museo de Pontevedra n XIII, unha referencia o Coto do rego das Arcas, incluído nas terras desta parroquia. Este é un erro pois o devandito Coto correspondese ca zona VI e sitúase no límite deste municipio co de Pontecaldelas, zona onde se localizaron, na parte alta, uns 11 túmulos.

*ZONA VI*

Localízase o SE do municipio na banda Este dos terreos pertencentes a Pontesampaio e limitando co Concello de Pontecaldelas, como xa se dixo. É un chan escalonado situado por riba de Rañadoiro que se coñece como Chan da Cruz e Fonte Carbón.

As mámoas sitúanse por riba dos 250 metros de altitude, estando rodeadas por dous valados que pechan uns terreos que nun tempo foron plantados.

**Nº 14- 19-18-1,20**

Túmulo ben conservado cun burato de violación de seis metros de diámetro e unha profundidade de máis de 1 metro.


Bibliografía: 11-7



**Nº 15- 11-11-SC**


Está moi destrozado. Conservase a súa parte central onde se aprecia a violación. Pola banda do Oeste atrávesano un camiño e dous grandes surcos de Sur a Norte. Aprécianse restos de pedra na superficie de túmulo.

Tal como sucedeu co túmulo 15, outros puideron desaparecer polas labores forestais ou pola parcelación dunha grande parte deste chan.

ZONA I









Vilaboa

Pontevedra





## FENÓMENO CAMPANIFORME 2200-1700 A.C.

A finais do terceiro milenio e coincidindo coa fase final do Megalitismo, comeza a desenrolarse a máis sinxela metalurxia co aproveitamento do cobre. Na Galicia, como no resto da península e na práctica totalidade de Europa, darase unha nova corrente cultural que se define como a “Cultura do Vaso Campaniforme”. Este fenómeno está representado por ataños cerámicos que lembran na súa forma unha campá, e que se decoraban cunha grande variedade de motivos xeométricos distribuídos en bandas.

No Norte de Portugal e no Sur de Galicia aparecen neste momento cerámicas profusamente decoradas a base de liñas incisas formando motivos xeométricos distribuídos en metopas. É a chamada “Cerámica Penha”.

As comunidades campaniformes estarían estruturadas en pequenos campamentos estacionais, de curta duración, con unidades habitacionais formadas con materiais perecedoiros, como polas e peles, que posuían un fogar no interior.

Neste intre danse os dous fenómenos culturais sinalados, moitas veces nun mesmo ámbito xeográfico, pero aínda que con características diferentes. As comunidades Penha parecen ter unha maior tradición neolítica-megalítica con útiles de pedra e rocha, namentres que as comunidades campaniformes parecen estar máis relacionadas cos novos progresos aportados polo traballo dos metais.

Os túmulos megalíticos seguen a ser utilizados como terreo funerario, aínda que paulatinamente a cámara funeraria reduce o seu tamaño ou desaparece.



## NOTAS

1-Pezas aparecidas na escavación dun túmulo en Chan da Cruz no ano 1972 baixo a dirección de Antonio de la Peña Santos.

2-Analixis edafolóxicos feitos por Aira Rodríguez no ano de 1984 en varios xacementos da provincia de Pontevedra.

## BIBLIOGRAFÍA

- Aira Rodríguez, MJ/Guitián Ojea, F  
Estudio polínico y edafológico de los yacimientos de O Regueiriño y Fontenla. Pontevedra Arqueológica I. Pontevedra 1984.
- Filgueira Valverde, J/ García Alén, A  
Materiales para una Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra. El Museo de Pontevedra. 1956.
- Filgueira Valverde, J / García Alén. A  
Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra  
El Museo de Pontevedra IX e XIII. Pontevedra 1955-1960.
- García Alén, A  
Datos para un catálogo arqueológico de Campañó. Campaniola 1956.
- García Alén, A.  
Prehistoria y arqueología de Pontevedra  
Faro de Vigo. 13-VIII-1960.
- Garrido Torres, A/Cabada Alvarez, R  
Dos hachas bifaces.  
El Museo de Pontevedra XXIX. Pontevedra 1975
- Iglesias Vilarelle, A/ Pintos Lois, O  
Nota en la Seccion Arqueológica de NOS año IV nº 16. 1923.
- Patiño Gómez, R  
Excavación de la mámoa 1 de Chan da Cruz  
Pontevedra Arqueológica I. Pontevedra 1984.
- Patiño Gómez, R.  
Excavación de la mámoa 1 de As Rozas-Campo Lameiro  
Pontevedra Arqueológica I. Pontevedra 1984.
- Peña Santos, A  
Sondeo estratigráfico en el yacimiento de O Regueiriño.  
Sondeo estratigráfico en el yacimiento de A Fontenla.  
Pontevedra Arqueológica I. Pontevedra 1984.
- Peña Santos, A  
La mámoa de As Pereiras-Mos  
Pontevedra Arqueológica II. Pontevedra 1985-1986.
- P. Sarmiento  
Viaje a Galicia .1745.
- Sobrino Lorenzo Ruza,  
Referencia verbal en el Museo de Pontevedra.

## **CALCOLÍTICO OU IDADE DO COBRE**

### **SS XXIII-XVII A.C.**

Durante este período da prehistoria galega as comunidades humanas do Neolítico Final sofren unhas moi evidentes transformacións internas que se traducen nun cambio de ritual funerario, que de ser colectivo, trocárase paseniño a individual, con inhumación no interior de cistas ou caixas de pedras onde o cadáver se deposita nunha posición fetal xusto coas ofrendas funerarias.

Outros signos de evolución percíbense no rexistro arqueolóxico ó través da presenza de novos tipos de ataños cerámicos de rica decoración incisa ou impresa formando temas xeométricos, nos que se aprecian dúas correntes diferentes que conviven nesta época: unha de marcado carácter indíxena con recipientes decorados con incisións, acanalados, etc., que teñen como paradigma as cerámicas metopadas incisivas tipo Penha-Lavapes, e outra framea. Cun máximo expoñente na coñecida cerámica campaniforme.

Si ben a economía básica deste período apeas parece diferir da propia etapa anterior, baseada nunha agricultura de recolección e dunha produción de tipo itinerante polo sistema de roza, a aparición da metalurxia abrirá un proceso clave para o estudo da Protohistoria galega. Os útiles metálicos que comezarán a fabricarse usaran minerais de fácil elaboración sen misturas intencionais e serán, con preferencia, o cobre e, nun menor grado, o ouro e a prata.

A presenza de actividade humana durante este período, dentro dos límites municipais, está refrendada polo achádego de machados de cobre.

#### **Lérez, S Salvador**

°-E probable que proceda desta feligresía un machado plano de cobre de 175 x 54 x 20 mm de tamaño e 630 gramos de peso, que figura nos fondos do Museo de Pontevedra co rexistro nº 4547.

Ingresou cos fondos da Sociedad Arqueológica de Pontevedra levando como única referencia “Lamas de Marit”.

Figura 1: 1

Bibliografía: 11-23-51-59.

#### **Mourente, Sta María**

°-Un machado plano de cobre que conservase no Museo de Pontevedra co rexistro nº 2828. Mide 128 x 44 x 12,5 mm e pesa 435 gramos.

O parecer foi achada nas inmediacións da igrexa parroquial.

Figura 1: 2.

Bibliografía: 26-31-8-11-33-2-18-28-36-51.




Figura 1

### **IDADE DO BRONCE. FASE DE FORMACION SS XVII-XII A.C.**

O desenvolvemento da metalurxia co cobre conleva como consecuencia o descubrimento das aleacións, o que terá como resultado máis relevante a aparición da metalurxia do bronce na súa clásica composición dun 90% de cobre e un 10% de estano. Co novo metal confeccionaranse machados planos de gume desenvolto nas que se observan as relacións ca area galega mantíña con outros focos culturais sincrónicos do sur peninsular e do occidente europeo.

Carecemos de restos que se podan poñer en relación con esta etapa no municipio, si ben o achádego dun machado do tipo sinalado no veciño termo municipal de Poio parece indicar que estas terras non careceron de presenza humana nesta fase.

## IDADE DO BRONCE. FASE DE APOXEO SS XII-VII A.C.

Durante o decurso deste período o territorio galego pasase a integrar de cheo no fato de focos culturais que florecen na franxa costeira atlántica europea. A metalurxia do bronce alcanza o seu máximo nivel de desenrolo, cunha produción de útiles moi diversificada i especializada: machados, puñais, dagas, estoques, espadas, puntas de lanza, formóns, escoplos, fouces, ganchos, caldeiros, etc. Xunto estes, obxectos de adobío como brazaletes e diversidade de colgadoiros.

A metalurxia presenta, en non poucos casos, un verdadeiro carácter de produción en serie. Surxen grandes depósitos de obxectos, compostos por pezas en desuso destinadas a refundición, ou por pezas almacenadas para a súa distribución “comercial”, que sempre están formados polo instrumento clave desta fase: o machado de talón con tope e unha ou dúas anelas.

Na composición dos bronces deste período vemos reflexados posibles problemas no abastecemento dos metais básicos, feito que ata hoxe non ten unha explicación histórica clara. O certo é que o cobre e o estano vense, en maior ou menor medida, substituídos na aleación polo chumbo, o que non deixa de ser unha “adulteración” do produto que amosa o alto grado de coñecementos técnicos alcanzado polos fundidores.

O lado da produción metalúrxica, a cerámica amósanos formas sinxelas de ataños feitos a man e so de forma ocasional decorados con liñas de mamilos ou con faixas de deseños xeométricos incisos no lombo.

En canto a economía, segue sendo básica a agricultura de recolección e de produción. Outras actividades como o marisqueo, a pesca, a caza, o comercio e a propia metalurxia é probable que actuasen como complemento. Progresivamente estas comunidades de economía itinerante, quizais por lograr un grado de maior desenrolo agrícola, iranse fixando os territorios organizando os primeiros poboados estables coñecidos na area galega. Escollerán para elo os cumios de certos montes, que rodearan con liñas defensivas. Nacen desta maneira os castros, sen dubida o xacemento arqueolóxico característico da nosa zona xeográfica, que ten a súa orixe o longo desta fase de apoxeo da Idade do Bronce.

Tódalas transformacións que se operan o longo deste período responden o dinamismo e a receptividade da poboación autóctona, sen que haxa proba algunha da chegada de fantasmagóricos grupos foráneos. O que si percíbense son contactos con outros focos culturais coetáneos como poden ser os que se desenrolan o longo da franxa costeira atlántica, o mundo orientalizante do Sur e os grupos de Campos de Urnas tardíos da Meseta. Serán precisamente os contactos do Sur peninsular os que provocaran que a partires de mediados do século VII A.C, se reciban os primeiros obxectos de ferro no noroeste. Con elo abrírase unha nova fase na protohistoria: A idade do Ferro.

Os dezanove machados de bronce descubertos no municipio integran ó mesmo dentro das terras ocupadas nestes tempos de apoxeo da Idade do Bronce.

### **Berducido, S Martiño**

°-En setembro de 1978, no Monte Bordel, ó abrírase os cimentos para un pequeno garaxe na propiedade de D. Juan Fernández Leixos, sita a dereita da estrada Bora-S. Antoniño, a uns dous metros de profundidade, entre o xabre e postos de canto todos xuntos, apareceron dez machados de talón con tope e dúas anelas. Cinco deles gárdanse no Museo de Pontevedra rexistrados cos

números 8220-8224, un consérvaio a familia do achador e descoñecese o paradiro dos catro restantes. Os que están no Museo (Fig 11) son case idénticos aínda que nótase que para a súa fundición utilizaron ó menos cinco moldes. Miden por termo medio 258 x 46 x 19 mm e pesan o redor de 425 grs.

Figura 4: 8/12

Bibliografía: 65

### **Lérez, S. Salvador**

°-Sen procedencia máis precisa, no Museo de Pontevedra conservase un machado do tipo tubular cunha anela, nº de rexistro 946. Mide 105 x 32 x 20 mm e pesa 155 gramos.

Figura 3: 7.

Bibliografía: 55-11-40-46-36-29-51-59-15

### **Marcón, S Miguel**

°-O que foi cura-párroco desta feligresía, D. Miguel Sanmamed, tivo e logo regalou ó veciño de Pontevedra, D Carlos Feijoo, catro machados de bronce de talón con tope e dúas anelas atopados nun lugar non determinado da parroquia.

Bibliografía: 19-70

°-No medio do camiño, en Barcia, acháronse a finais do 1954 e en abril de 1955, dous machados de bronce de talón con tope e unha anela que se gardan no Museo de Pontevedra co número de rexistro 3180 e 3185 (Fig. 9). O primeiro mide 232 x 51 x 24 mm e pesa 860 gramos; o segundo mide 234 x 49 x 23 mm, cun peso de 890 gramos.

Figura 2: 3 y 4

Bibliografía: 18-48-50-70-53-51-14.

°-En A Areda, xunto a estrada, localizouse a parte inferior dun machado de talón con tope e dúas anelas que se conserva no Museo de Pontevedra co número 2822. Mide o fragmento 183 x 49,5 x 19,5 mm e pesa 545 gramos.

Figura 2: 5-

Bibliografía: 18-49-51.

### **Pontesampaio, Santa María**

°-Procedente do parecer do Monte do Castro gardase no Museo de Pontevedra, rexistrado co numero 6094, un machado de talón con tope e unha anela. Mide a parte conservada, ca que falla o extremo do talón, 221 x 48,5 x 25 mm e pesa 930 gramos. Pertenceu a colección Solla de Arcade.

Figura 2: 6-




Figura 2-




Figura 3




Figura 4

## A ARTE RUPESTRE

A testemuña máis importante do mundo espiritual e artístico da Idade do Bronce no territorio galego a constitúen uns centos de fatos de gravados rupestres o ar libre. No seu conxunto nos sitúan cara un dos focos artísticos máis suxestivos e interesantes de entre os que se desenrolan neste período en Europa.

Son os afloramentos rocosos graníticos o soporte habitual destes gravados, que na súa distribución xeográfica manifestan unha clara relación coa area atlántica. En efecto, a maior concentración de rochas gravadas prodúcese na zona costeira da provincia de Pontevedra. O val medio do Lézec e as marxes das rías de Pontevedra e Vigo son sen dubida o núcleo esencial deste fenómeno; é aquí onde localízanse os maiores e mellores conxuntos e onde atopamos a temática figurativa máis completa e de mellor calidade técnica. Fora deste núcleo os gravados vanse facendo progresivamente menos abondosos e os temas representados máis esquemáticos e de feitura máis torpe.

A temática é pouco variada, podendo establecerse dous grandes fatos de figuras: seminaturalista e esquemática.

O grupo seminaturalista comprende deseños zoomorfos (cérvidos a meirande parte, équidos e algún serpentiforme) antropomorfos, representación de armas (puñais, espadas curtas, alabardas e escudos) e ídolos. As figuras humanas non son moi abondosas aínda que a súa aparición é certamente significativa. De cando en vez as atopamos a cabalo formando escenas de equitación ou caza. As armas permítenos situar cronoloxicamente os gravados.

O outro grupo de figuras é o máis abondoso, e caracteriza o arte rupestre galego. O forman deseños xeométricos: combinacións de círculos concéntricos con abondosas variantes, sinxelas ou complexas espirais, labrintos de tipo Mogor-Cnosos, esvásticas e unha grande cantidade de puntos ou cazoletas.

Contra o que puidera parecer a simple vista, non existe diacronía entre estes dous grupos de deseños en que dividimos a arte rupestre galega, se non que os deseños seminaturalistas e os xeométricos manifestan unha clara asociación e complementariedade formando, conxuntamente, verdadeiras composicións.

Os nosos gravados son a máis clara testemuña do mundo anímico e relixioso dalgunha das comunidades que moraron no noroeste peninsular durante os períodos da primeira metalurxia.

Dentro do municipio pontevedrés coñecemos a existencia dos complexos rupestres que pasamos a enumerar, si ben moitos deles, por mor da intensa ocupación i explotación do territorio, desapareceron.

### **Bora, Santa María**

°- Hai referencias a un outeiro con cazoletas no medio do río Lézec xunto ó limite con Tenorio. Desaparecido.

Bibliografía: 63-18-22-24.

### **Campañó, S. Pedro**

°-Nos montes do Bao existían cinco rochas con combinacións circulares, cérvidos e outros trazos, cazoletas, etc. Desaparecidos

Bibliografía: 12-32-24.

### **Lérez, S Salvador**

°- No lugar de Casaldarado, nunha rocha na falda do Monte Castelo. Varias combinacións circulares e cazoletas. Desaparecido

Bibliografía: 42-43-12-18-22-24-59.

### **Lourizán, S Andrés**

°- Nun camiño de carro sobre a finca de Montero Ríos, debaixo do Outeiro de Ancarela, nunha pedra chamada “Pedra de Casal”, había dúas combinacións circulares. Desaparecido

Bibliografía: 12-18-70-57-24.

°- En Os Placeres, unha desaparecida rocha con círculos concéntricos situada sobre a praia, onde hoxe se levanta o Colexio Sagrado Corazón.

Bibliografía: 13-18-64-67-22-57-24.

°- Sobre unha rocha a ras do chan, na Carballeira, xunto o colexio de E.X.B, un bo número de combinacións circulares de variada tipoloxía, cadrados de esquinas suaves, cazoletas e outros trazos.

Bibliografía: 19-22-57-24.

### **Marcón, S Miguel**

°-No Monte da Fracha, Cavadas dos Regueiros, hai referencias sobre a existencia de gravados, cazoletas e trazos diversos.

Bibliografía: 12-41-24.

### **Pontesampaio, Santa María**

°-No Rañadoiro, Monte Acevedo e Chan das Cruces hai varias rochas con deseños cruciformes, cazoletas, círculos concéntricos e outros trazos xeométricos, posiblemente algún deles de tempos recentes.

Bibliografía: 67-2-10-62-68-18-41-27-21-36-24-45.

°-No Monte da Cruz-Rañadoiro hai varias rochas con deseños cruciformes, cazoletas e outros trazos, posiblemente medievais ou posteriores.

Bibliografía: 30-18-20-24.

### **Salcedo, S Martiño**

°-Na Bouza da Raposeira unha combinación de círculos concéntricos.

Bibliografía: 67-24.

°-Na Cachada do Vello, referencias a gravados neste lugar, na actualidade desaparecidos.

Bibliografía: 42-12-13-24.

°-En A Coba, no Penedo do Mato do Fondo, varias combinacións de círculos concéntricos con trazos longos e cazoletas, ós que se engadiron en tempos máis recentes unha multitude de cruciformes. Desaparecido.

Bibliografía: 26-12-67-34-64-25-36-68-18-27-73-22-21-57-24-52.

°- En Cabanas, Pozo da Escribana, no Penedo de Vilar de Matos, varias combinacións de círculos concéntricos e unha grande cantidade de cazoletas de variado tamaño xunto con outros trazos diversos.

Figura 5.

Bibliografía: 67-34-71-72-35-18-22-69-21-54-36-5-6-57-24-60.

°- Na Esculca, na Laxe do Outeiro do Matos das Cruces, combinacións circulares, cazoletas e os restos dunha figura dun cervo. En rochas próximas, outras combinacións circulares e cazoletas.

Bibliografía: 26-12-32-11-67-34-47-18-36-73-22-1-4-57-24-38.

°- No Regato dos buratos e Outeiro da Mina nove rochas con cazoletas, combinacións de círculos concéntricos de variadas tipoloxía e un deseño antropomorfo.

Bibliografía: 42-44-26-39-12-67-34-18-73-22-36-7-56-61-24.

°-No Outeiro dos Apañados sobre os campo de tiro do Cuartel de Figueirido. Unha boa cantidade de grandes combinacións de círculos concéntricos entrelazados por liñas e cazoletas.

Figura 6.

Bibliografía: 12-32-11-57-24.

°- Nos Campos do Tiro, entre o cuartel de Figueirido e o Outeiro da Mina, tres grupos de gravados rupestres integrados por combinacións circulares e cazoletas.

Bibliografía: 24-57.

°-No Pumariño dous antropomorfos. Posiblemente de época recente.

Bibliografía: 3-24-56.

#### **Tomeza, S. Pedro**

°-No monte Loureda, localizáronse varias liñas xunto con cazoletas.

Bibliografía: 12-17-24-66.

#### **Xeve, Sta María**

°-Nos lugares de Xartán, Gatomorto, As Eiriñas e A Guiela, varias combinacións de círculos concéntricos, cazoletas e outros trazos sobre unha rocha a ras do chan. Desaparecida.

Bibliografía: 12-32-11-9-67-34-18-22-36-24.



Figura 5- Petróglifo de Vilar de Matos



Figura 6-Petroglifo de Outeiro dos Apañados

### Bibliografía citada

- 1- Acuña Castroviejo, F. “*Los petroglifos del Monte Pedroso-Santiago*”. Cuadernos de Trabajo de la Escuela Española de Historia y arqueología de Roma, XIII. 1969.
- 2- Álvarez Limeses, G. “*Pontevedra*”. En la Geografía General del Reino de Galicia, dirigida por F Carreras Candi. Barcelona 1936.
- 3- Alvarez Nuñez, A/ Velasco Souto, C. “*Nuevas insculturas en Campo Lameiro*” Gallaecia 5. 1979.
- 4- Amo de la Hera, M. “*Los grabados rupestres de los Aulagares-Zalamea la Real-Huelva*”. Miscelanea Arqueológica en conmemoración del XXV aniversario de los Cursos de Ampurias I. 1974.
- 5- Beltrán Martínez, A. “*Los petroglifos canarios*”. Historia 16. 1978.
- 6- Beltrán Martínez, A. “*Religion prehipanique aux Canaries: L’apport des gravures rupestres* ». Valcamonica Symposium 72. 1975.
- 7- Blanco Feijeiro, A. « *Petroglifos de Pontevedra* ». Bellas Artes 75. 1975.
- 8- Bouza Brey, F. “*Aportazón ó estudo da Prehistoria galega, IV*”. Boletín de la Real Academia Gallega, XV, nº 188. 1926.
- 9- Bouza Brey, F. “*Los petroglifos de Monte Penide y los estudios de arte rupestre gallego*”. Homenaje a Melida. Anuario del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos II. 1934.
- 10- Bouza Brey, F. “*Insculturas cruciformes de Presqueiras-Forcarei*”. Boletín de la Comision Provincial de Monumentos de Orense, XII nº 250. 1940.
- 11- Bouza Brey, F y Lopez Cuevillas, F. “*Os Oestrinnios, os Saefes e a Ofilatria en Galiza*”. Arquitos do Seminario de Estudos Galegos, II. 1929.
- 12- Cabre Aguilo, J. “*El arte rupestre en España*” Madrid. 1915.
- 13- Cabre Aguilo, J. “*Arte rupestre gallego y portugues-Eira dos Mouros y Cachao da Rapa*”. Memorias publicadas pela Sociedade Portuguesa de Ciencias Naturais, II. Lisboa 1916.
- 14- Coffyn, A. “*Le bronze Final atlantique dans la Peninsule Iberique*”. Publicacions du Centre Pierre Paris, 11. Paris 1985.
- 15- Delibes de Castro, G y Fernandez Manzano, J. “*Metalurgia del Bronce Final en la Meseta Norte: Nuevos datos para su estudio*”. Boletín del Seminario de Estudios de Arte y arqueología LII. 1986
- 16- Fernandez Gil Casal, J. “*Introducción a las investigaciones sobre el Arte Rupestre inscultórico en Galicia*”. Madrid. 1932.
- 17- Ferro Couselo, J. “*Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia*”. Orense. 1952.
- 18- Filgueira Valverde, J y García Alén, A. “*Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra*”. Publicaciones del Museo de Pontevedra. Pontevedra 1956.
- 19- Filgueira Valverde, J y García Alén, A. “*Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra*”. El Museo de Pontevedra XIII. Pontevedra 1959.
- 20- Filgueira Valverde, J y García Alén, A. “*Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra*”. El Museo de Pontevedra XXXI. Pontevedra 1977.
- 21- Fortea, J. “*Grabados rupestres esquematicos en la provincia de Jaén*”. Zephyrus, XXI-XXII. 1970-1971.
- 22- García Alén, A. “*Prehistoria y arqueología de Pontevedra. Cilenos y Elenos en la Edad del Hierro*”. La Noche. Santiago 13/08/1960.

- 23 García Alén, A. “*Objetos arqueológicos*”. El Museo de Pontevedra XXIV. Pontevedra 1970.
- 24 García Alén, A y Peña Santos, A. “*Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*”. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 1980.
- 25 García Martínez, MC. “A Pedra que fala, con piletas y petroglifos”. Cuadernos de Estudios Gallegos XXIII, nº 71. 1968.
- 26 García de la Riega, C. “*Galicia Antigua, Discusiones acerca de su Geografía y de su Historia*”. Pontevedra 1904.
- 27 García Sánchez, M y Spahni, JC. “*Grabados rupestres esquematicos de epoca neolítica en Baños de Alicún-Granada*”. Archivo de Prehistoria Levantina VII. 1958.
- 28 Harbison, P. “*Mediterranean and atlantic elements in the Early Bronze Age of Northern Portugal and Galicia*”. Madrider Mitteilungen, 8. 1967.
- 29 Hardaker, R. “*Las hachas de cubo en la península ibérica*”. Cuadernos de Prehistoria y arqueología Castellonense, III. 1976.
- 30 Iglesias Vilarelle, A y Pintos Lois, O. “Seición arqueológica”. N° IV, nº 16. 1923.
- 31 López Cuevillas, F. “*Os oujetos argaricos do Museo d’Ourense*”. Boletín de la Real Academia Gallega, XV, año XX, nº 173. 1925.
- 32 López Cuevillas, F. “*Nota encol de unha inscultura inédita de Tenorio*”. Boletín de la Real Academia Gallega, XVII, año XXIII, nº 200. 1928.
- 33 López Cuevillas, F. “*Prehistoria de Melide*”. Terra de Melide. Seminario de Estudos Galegos. Santiago 1933.
- 34 López Cuevillas, F. “*Las insculturas del Outeiro da Cruz*”. Boletín del Museo Arqueologico Provincial de Orense, I. 1943.
- 35 López Cuevillas, F. “*La clasificación tipológica del arte rupestre del Noroeste hispánico y una hipótesis sobre la cronología de alguno de sus tipos*”. Zephyrus, II. 1951.
- 36 López Cuevillas, F. “*Prehistoria*”. Volumen III de la Historia de Galiza dirigida por R. Otero Pedrayo. Buenos Aires 1973.
- 37 Lopez Payer, M y Soria Lerma, M. “*Las pinturas rupestres de la Cueva Grande de El Puntal- El Centenillo-Jaén*”. Zephyrus, XXX-XXXI. 1980.
- 38 Llana Rodríguez, C y Penedo Romero, R y Pérez Rodríguez, M<sup>o</sup>L. “*Achádego dun gravado rupestre en Viladabade-Tordoia*”. Brigantium, 5. 1984.
- 39 Maciñeira Pardo de Lama, F. “*Insculturas de Mondariz*”. La Temporada en Mondariz, 16. 1908.
- 40 Mac White, E. “*Estudios sobre las relaciones atlánticas de la península hispánica en la Edad del Bronce*”. Seminario de Historia Primitiva del Hombre. Col. Disertaciones Matritenses, 2. 1951.
- 41 Martínez López, J. “*Petroglifos de Breixa, comarca de Lalín*”. Ampurias XIX-XX. 1957-1958.
- 42 Martínez Murguía, M. “*Historia de Galicia*” T. I. Coruña. 1866.
- 43 Martínez Murguía, M. “*Galicia*”. Barcelona. 1888.
- 44 Martínez Salazar, A. “*Prehistoria coruñesa. Las piedras con signos del Monte dos Bicos*”. La Voz de Galicia. 8/8/1898.
- 45 Martinho Baptista, A. “*A arte de Gíao*”. Arqueología, 3. 1981.
- 46 Mata Carriazo, J. “*La Edad del Bronce*”. En la Historia de España dirigida por R. Menéndez Pidal, t. I, nº 1. 1963.
- 47 Monteagudo, L. “*El petroglifo de Fragoselo-Vigo-Corujo*”. Archivo Español de Arqueología, 52. 1943.

- 48 Monteagudo, L. “*Notas sobre las hachas de tope*”. El Museo de Pontevedra, XII. 1958.
- 49 Monteagudo, L. “*Hachas prehistóricas de Europa Occidental*” Coninbriga IV.1965.
- 50 Monteagudo, L. “*Hachas de tope de Mougás-Pontevedra*”. Cuadernos de Estudios Gallegos, 28. 1973.
- 51 Monteagudo, L. “*Die Beile auf der Iberischen Halbinsel*”. Prahistorische Bronzefunde, IX, nº 6. Manchen 1977.
- 52 Monteagudo, L. “*Petroglifo de Lagea das Rodas- Louro*”. Acta de la I Reunión Gallega de Estudios Clásicos. Santiago 1981.
- 53 Monteagudo, L y Juega, J. “*Hacha tipo Senra A*”. Cuadernos de Estudios Gallegos XXIX. 1974-1975.
- 54 Mourinho, A.M. “*O abrigo rupestre da Solapa, em dúas Igrejas-Miranda o Douro*”. O Arqueólogo Português, serie III, vol. VI. 1972.
- 55 Obermaier, H. “*Impresiones de un viaje prehistorico por Galicia, 2*”. Boletín Comision Provincial de Monumentos de Orense, VII. 1923.
- 56 Peña Santos, A. “*Antropomorfos en el arte rupestre prehistórico gallego*”. El Museo de Pontevedra XXX. 1976.
- 57 Peña Santos, A. “*El arte rupestre gallego al aire libre. Estado actual del problema y modelo para su estudio por areas geográficas naturales: la península de Morrazo, Pontevedra*”. Tesis de licenciatura. 1978.
- 58 Peña Santos, A. “*La clasificación tipológica de los grabados rupestres prehistóricos gallegos*”. Actas del XV Congreso Nacional de Arqueología. Lugo 1977.
- 59 Peña Santos, A. “*Lérez, S. Salvador*”. Gran Enciclopedia Gallega 19
- 60 Peña Santos, A. “*Petroglifos*”. Gran Enciclopedia Gallega 24. 1984.
- 61 Peña Santos, A y Vázquez Varela, JM. “*Los petroglifos gallegos. Grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia*”. Cuadernos del Seminario de estudios cerámicos de Sargadelos, 30. Sada 1979.
- 62 Ramón Fernandez Oxea, J. “*Nuevas escultura zoomorfas prehistóricas en Extremadura*”. Ampurias, XII.1950.
- 63 Riega, L. “*El río Lérez*”. Pontevedra 1892.
- 64 Rodríguez Castelao, A. “*As cruces de pedra na Galiza*”. 1949.
- 65 Ruíz Gálvez Priego, M<sup>a</sup>L. “*La península ibérica y sus relaciones con el círculo cultural atlántico*”. Colección Tesis doctorales nº 139.1984
- 66 Sarmiento, Fr M. “*Viaje a Galicia*”. 1745.
- 67 Sobrino Buhigas, R. “*Corpus petroglyphorum Gallaeciae*”. Seminario de Estudos Galegos. 1935.
- 68 Sobrino Lorenzo Ruza, R. “*Datos para el estudio de los petroglifos de tipo atlántico*”. Actas del III Congreso Nacional de Arqueología-Galicia. 1953.
- 69 Sobrino Lorenzo Ruza, R. “*Ensayo sobre los motivos de discos solares en los petroglifos gallego-atlánticos*”. Zephyrus, VIII. 1956.
- 70 Taboada Chivite, X. “*Addenda et corrigenda*”. Volumen III de la Historia de Galiza, dirigida por Otero Pedrayo. Buenos Aires. 1973.
- 71 Vázquez Seijas, M. “*Insculturas rupestres. Aportación de la provincia de Lugo al Corpus petroglyphorum Gallaeciae*”. Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo II. 1945.
- 72 Vázquez Seijas, M. “*Nuevos hallazgos en Proendos*”. Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo III. 1946.
- 73 Viana, A. “*Insculturas rupestres del Alto Minho*”. Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense, XX. 1959-1960.

# OS CASTROS

## *Introdución*

A finais da Idade do Bronce, nun intre que poderíase situar ó redor do século IX a X A.C., iniciase unha paulatina sedentarización dos grupos humanos, que comezaron a facer poboamentos estábeis na zona superior de certos montes ós que dotaran de recintos defensivos máis ou menos complexos. No interior destes recintos situaran a súas cabanas, nun principio construídas a base de elementos vexetais trabados con barro e que iran trocando por muros de mampostería.

Nestes castros establécense comunidades de forte compoñente agrícola, con producións metálicas típicas do Bronce Final, pezas de pedra tallada e unha cerámica tosca, levemente decorada.

Durante os séculos anteriores ó cambio de Era, a cultura dos castros vai desenvolvéndose e dotándose de características peculiares que a diferenciarian do resto dos fenómenos culturais da época. E neste intre cando a organización arquitectónica dos poboados adquire a su plenitude, adoptando definitivamente o muro de mampostería e complicándose os elementos defensivos, que complementaran cun pseudo-urbanismo na distribución das súas cabanas, en grupos de vivendas en terrazas, cun só camiño de acceso que partiría dunhas “rúas” principais, o que sen dubida algunha facilitaría a defensa unha vez que fosen rebasados os parapetos e as murallas.

No aspecto material, ademais de evidenciarse contactos con outras zonas de península, con centroeuropa e con as culturas mediterráneas, hai que subliñar a cerámica coa súa suxestiva decoración e tamén a ourivería co torques como peza característica.

A economía estaba baseada nunha agricultura, máis desenrolada que nas épocas anteriores, na recolleita de froitos silvestres, nunha certa gandería e, nos castros costeiros, no marisqueo.

Poucos anos antes do cambio de Era a zona que hoxe ocupa Galicia toma contacto co Imperio Romano. O labor de conquista das lexións romanas, contrariamente o que cabería supor, non parece ser moi dificultosa e a poboación indíxena continúa a habitar os seus castros e segue apegado ó seu xeito de vida tradicional.

Xa dende bastante antes, o comercio con outras zonas da península, xa romanizadas, fixera chegar as manufacturas propias da cultura romana. Coa conquista estas manufacturas faranse moi frecuentes, xeneralizándose o uso de elementos materiais tipicamente romanos como as ánforas, as cerámicas comúns, as cerámicas de luxo como a sigillata, os vidros, os obxectos de adobío, etc. A presenza destes materiais detectase en case que tódolos castros, amosándonos a influencia que nestes poboados tivo a forma de vida romana. A asimilación polo poboación indíxena dunha grande parte dos rasgos culturais romanos cristalizara nun fenómeno de gran importancia: a Cultura Galaico-Romana.

## **Catalogación de xacementos castrexos.**

Non é motivo deste traballo o facer unha descrición da Cultura Castrexa, nin sobre os castros en xeral, porque sobre este período hai unha abondosa bibliografía. O presente traballo é so unha catalogación de castros no concello de Pontevedra, na procura de que sirva como base para estudos máis profundos que so poderanse levar a remate das prospeccións e as escavacións dos devanditos castros.

As primeiras informacións sobre o mundo castrexo nesta zona danse no Itinerario de Antonino, no que se fai mención de AD DUOS PONTES. tódolos demais historiadores e xeógrafos romanos fan referencias moi xeneralizadas e de moi difícil localización. Ate o século XVIII, ca viaxe a Galicia que fai o Padre Sarmiento, no se recolle un corpus de xacementos, que logo serán repetidos por tódolos historiadores románticos do XIX, sen levar unha comprobación. Esta situación segue así ate que nace a Sociedad Arqueológica de Pontevedra que toca o tema con algún rigor científico e fai algunha prospección en xacementos da bisbarra. máis tarde é a Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra, feita por Alfredo García Alén y José Filgueira Valverde, a que recolle unhas referencias moitos máis concretas. Queda por dicir que os labores de catalogación que dan orixe a este traballo foron feitos durante os anos 1986 e 1987.

Para a descrición de cada castro utilizaranse varios apartados:

**LOCALIZACION:** Indicase o lugar, a parroquia, as coordenadas, segundo o Mapa Topográfico de España, 185-II e 185-IV, a escala 1/25.000, a altitude sobre o nivel do mar e a maneira de chegar.

**ESTRUCTURAS:** descrición dos recintos, foxos, muros, etc.

**DIMENSIONS:** medidas das terrazas nos eixos NS e EO, e outros elementos destacábeis.

**ACHADEGOS:** comprende os materiais atopados en superficie.

**FOLCLORE:** referencia as lendas recollidas ata a fecha.

**OBSERVACIONES:** referencia o seu estado de conservación e danos.

**BIBLIOGRAFIA:** as referencias bibliográficas máis importantes onde se cita o xacemento.

Teño que agradecer a colaboración dos membros do Grupo de Arqueoloxía “Alfredo García Alén” nos traballos de campo, moi especialmente a Antonio Tenorio, e ó Servicio de Arqueoloxía do Museo de Pontevedra polas facilidades dadas para consultar o biblioteca e o ficheiro da institución.

### **Nº 1-OUTEIRO DO CASTRO**

Está situado no lugar de Cabián, na parroquia de S. Martiño de Berducido.

42°29'43'' latitude Norte, 8°37'09'' lonxitude Oeste e 295 mts.

Accedese o castro collendo a estrada PO-224 ata o encoro de Pontillón.

Non se aprecian estruturas superficiais agás dunha soa terraza. Esta mide, nos eixos NS-EO, 72 x 40 metros.

Atopáronse fragmentos de cerámica decorada.

O pé do castro hai un galo que polas noites sae a cantar sobre unha grada de ouro.

Este é o castro ca cota de altitude máis outra do municipio. Na súa banda Oeste puido ter outra terraza, hoxe pouco clara. A conservación e regular.

Bibliografía: mencionado na Carta Arqueolóxica (1).

### **Nº 2-CASTRO DE MAÚNZO**

Está no lugar de Maúnzo, na parroquia de S. Andrés de Xeve.

42°28'30'' latitude Norte, 8°35'15'' lonxitude Oeste, 206 metros.

Accedese o mesmo collendo a estrada de Pontevedra a Amil, e no Km 4,5 existe unha desviación a dereita por unha pista asfaltada.

Está formado por dúas terrazas ben definidas, unha superior case circular e outra máis pequena no seu lado Oeste. Conservase case que todo o terraplén no seu contorno, destacando no lado Este os restos do foxo que aproveita un camiño carreteiro.

Na terraza superior as dimensión son de 87 x 75 mts, e na outra 27 x 23 mts.

Abondosa cerámica na superficie, dous anacos de ánfora, un muíño circular (parte inferior) e un fragmento de bronce pertencente a unha vasixa decorada cun cordoncillo.

Debaixo do castro hai unha cidade con columnas de ouro, que non se poden desenterrar porque o facelo a cidade desaparece.

O monte está minado para esconderse os mouros. Alí hai tesouros escondidos. Para conseguilos hai que levar un crego que ten que rezarlle as reliquias, diante da xente, e o saír o encanto (serpe, vaca, touro) darlle cun pau na testa, o encanto desfaiase e todo transformase en ouro.

E o castro mellor conservado de todo o municipio por non ter sido repoboado nin ter canteiras.

Bibliografía: recollido no Arquivo arqueolóxico do Museo de Pontevedra.

### **Nº 3-MONTE CASTELO OU CASTELIÑO**

Está situado no lugar de Castelo, na parroquia de S. Salvador de Lárez.

42°27'50'' latitude Norte, 8°37'55'' lonxitude Oeste, 187 mts.

O castro cegase collendo a estrada Pontevedra-Lárez, e a esquerda unha desviación a Castelo. O chegar a un cruce onde hai un cruceiro tomase unhas pista asfaltada a esquerda que pasa o pé do castro.

Non se ollan parapetos, so ten terrazas e uns accesos difíciles dende tódolos lados.

A forma deste castro dificulta a obtención das súas medias. Na súa parte superior ten unha torre natural, cunha terraza de 17 x 19 mts. A seguinte terraza atopase uns 9 mts máis abaixo e ten 57 x 32 mts. A derradeira mide 80 x 20 mts nos seus eixos.

Hai anacos de tégula, cerámicas medievais, unha pouca cerámica castrexa, unha man de muíño plano e un fragmento de muíño circular.

Alí viviron os mouros e fixeron un túnel que chega ata a Xunqueira.

O estado de conservación é regular pola existencia de canteiras na zona outa, pola repoboación intensiva de piñeiros e labores agrícolas, que modificaron a súa forma orixinal.

Bibliografía: Existe unha breve referencia no arquivo do Museo de Pontevedra.

#### **Nº 4-MONTE DA TORRE OU MONTE DO CASTRO**

Está situado no lugar de Torre, na parroquia de S. Andrés de Xeve.

42°27'31" latitude Norte, 8°35'14" lonxitude Oeste, 124 mts.

Chegase collendo a estrada comarcal PO-224, e da mesma sae unha desviación a dereita no quilómetro 2 desde o cruce de Bora.

Non se observan muros nin parapetos, só dúas terrazas: unha inferior a outra en tres metros.

A terraza superior mide 60 x 80 mts, e a inferior 78 x 55 mts.

Cerámica medieval, cerámica castrexa e un pulidor.

Alí vivían os mouros

O estado de conservación é regular, xa que está modificado de abondo polas tarefas agrícolas e pola construción de vivendas no seu derredor.

Bibliografía: inédito.

#### **Nº 5-MONTE DO CASTRO OU CASTRO DE SANÍN**

Situado no lugar do Alto de Mourente, na parroquia de Sta María de Mourente.

42°25'52" latitude Norte, 8°36'11" lonxitude Oeste, 245 mts.

Tomase a estrada comarcal C-53 collendo a pista que vai a antena de Radio Pontevedra, e seguindo uns 500 mts chegase o pe do castro.

Non se aprecian estruturas defensivas. Conserva unha terraza superior e outra na banda oeste.

A terraza superior mide 19 x 25 mts, e ten unha ampliación cara o Norte máis inferior, cunhas medidas de 25 x 15 mts. Existe outra intermedia moi pouco definida. A derradeira é a máis grande e mide 96 x 20 mts.

Cerámica castrexa e fragmentos de tégula.

Existe unha mina de ouro e outra de veneno. Non se debe buscar porque si se confunde un pode morrer o toca-lo veneno.

A conservación é moi mala polos traballos intensivos dos canteiros. Na banda Este existiron unhas minas, que hoxe pódense ollar aterradas por enteiro, que é probable que foran contemporáneas do castro. O pe do mesmo a Sociedad Arqueolóxica escavou unha necrópole.

Bibliografía: citado na Carta Arqueolóxica (1)

#### **Nº 6-MONTE DE S CIBRÁN OU MONTE DO CASTRO**

Está situado no lugar de Lusquiños, na parroquia de S. Pedro de Tomeza.

42°24'47" latitude Norte, 8°37'31" lonxitude Oeste, 147 mts.

Chegase o castro por unha pista asfaltada que arrinca da comarcal Pontevedra-Tomeza. A pista chega ata a ermida de S. Cibrao, situada no cumio do monte.

De todo o conxunto do castro so se conserva unha parte dun muro, no lado Este, que mide uns 90 mts de longo, 2 mts de ancho e uns 3 mts de alto na súa banda interior. Así mesmo pódense ollar restos do foxo.

Non se poden precisar.

Acháronse dúas mans de muíño planos e fragmentos de cerámica castrexa.

No camiño que leva a ermida hai unha mina de ouro enterrada. Está tan cerca da superficie que os eixos dos carros tócana. O lado hai outra de veneno que mataría a quen a tocara.

O castro pódese dar por desaparecido nun 80% por mor dos canteiros e a construción duna estrada ate o cumio pola banda Este.

Bibliografía: citado na carta arqueolóxica (1).

#### **Nº 7-MONTE DOS PENEDOS**

Situado no lugar de Iglesia, na parroquia de Salcedo.

42°24'53'' latitude Norte, 8°38'37'' lonxitude Oeste, 117 mts.

Chegase o castro pola estrada que leva a igrexa parroquial de Salcedo, deixando a mesma a directa e a uns 100 mts máis adiante.

Non se observan restos nin de muros nin doutras estruturas de defensa. So se poden definir tres terrazas moi deterioradas.

As tres terrazas son case concéntricas, en plans sucesivos inferiores, a superior mide 30 x 40 mts, e a inferior 128 x 67 mts.

Recolleuse na superficie unha grande cantidade de cerámica castrexa, algún fragmento de ánfora e un resto de fundición de bronce que ten un peso de 430 gramos.

Segundo nos refire un veciño, alí viviron fai moito tempo os mouros.

A conservación actual non é boa debido as grandes canteiras e a unha repoboación intensiva na totalidade do seu perímetro.

Bibliografía: inédito.

#### **Nº 8- MONTE DO CASTRO**

Situado no lugar de Frixeiro, na parroquia de Lourizán, S. Andrés.

42°24'40'' latitude Norte, 8°40'20'' lonxitude Oeste, 80 mts.

Da estrada Pontevedra-Marín (C550) cóllese unha desviación a man esquerda o pasa-lo pazo de Lourizán, a uns 800 mts a man dereita.

Non aparecen estruturas de ningunha clase agás unha terraza.

Non se poden dar.

Fragmentos cerámicos varios.

Non hai lendas sobre o lugar.

O castro está perdido pola construción de vivendas na meirande parte do mesmo e nos seus aterrados.

Bibliografía: inédito

#### **Nº 9- MONTE DAS CROAS**

Está situado no lugar de Birrete, na parroquia de S Martiño de Salcedo.

42°23'54'' latitude Norte, 8°38'55'' lonxitude Oeste, 123 mts.

Collendo a estrada de Salcedo ó cuartel de Figueirido, a uns 100 mts máis adiante da ponte do río Rego.

Non se observan muros, e so conserva algunhas terrazas. O único acceso é polo Norte onde debeu existir un foxo. O resto do castro está perfectamente defendido polo río Rego e algúns cortes naturais do terreo. Son tres terrazas claras aínda que pode que haxa restos dalgunhas outras na banda Este.

A primeira mide 96 x 70 mts, a segunda é unha prolongación da anterior o Sur, nun escalón inferior, e mide 18 mts de ancho. A terceira é outra plataforma a banda Sur e mide 82 x 38 mts.

So acháronse dous fragmentos de cerámica castrexa.

Aparécense unhas mulleres peiteándose os seus cabelos de ouro, unhas son mouras e outras encantadas.

Hai unha dama encantada no interior do monte onde está enterrado un pazo que garda un tesouro do Mouro ou xigante que a ten enfeitizada.

Esta dama amosase de cando en vez o saír o sol.

Bibliografía: inédito

### **Nº 10- MONTE DO CASTRO**

Está localizado no lugar de Sixto, na parroquia de Santa María de Pontesampaio.

42°21'33'' latitude Norte, 8°36'30'' lonxitude Oeste, 121 mts.

Accedese o mesmo collendo a estrada nacional 550, Pontevedra-Vigo, e no quilómetro 9 unha desviación a Canicouva, no quilómetro 1 cóllese unha pista a esquerda que leva o pe do castro.

Na primeira terraza, a máis outra, afloran, na súa banda Sur, uns tres metros de muro. Fora desto e das terrazas non hai ningunha outra estrutura.

A terraza superior mide 35 x 30 mts, logo hai outra terraza inferior que se prolonga na dirección N-S de 65 x 37 mts na banda Sur, e 20 x 45 mts na banda Norte. Existen outras terrazas pequenas, unha é prolongación da anterior polo Este, de 12 mts de ancho, e outra máis inferior na banda Norte de 15 x 30 mts.

Hai abondosa cerámica nos cortes do camiño, así mesmo apareceron restos de tégula.

Os mouros do monte das Croas de Figueirido viñeron a vivir eiquí.

A conservación non é das peores do municipio. Está afectado polas canteiras, labours de labradío, carreiros de carro, e derradeiramente pola construción dun depósito de auga. Na segunda terraza, na súa banda Oeste, ollase nun corte do terreo os restos dun concheiro.

Bibliografía: Carta Arqueolóxica da provincia (1).

### **Castros dubidosos**

#### **OUTEIRO DO CASTRO**

Está situado no lugar de Montecelo, na parroquia de Campañó.

42°27'30'' latitude Norte, 8°39'25'' lonxitude Oeste, 167 mts.

Na estrada Pontevedra-Campañó tómase a CF-102 e dela unha desviación que vai a antena de TV. O posible castro encóntrase a uns 200 mts despois do derradeiro cruce mencionado.

Non se aprecian

Descoñecidas

Dous fragmentos pequenos de cerámica.

O outeiro no que se encontra está moi deteriorado por grandes canteiras e a pista que o bordea, así como por un camiño na beira posterior.

Bibliografía: Inédito.

A favor da súa realidade como castro está o outeiro no que se levanta, as súas terrazas e a existencia de cerámica. Na contra está a ausencia de estruturas claras, non hai topónimo nin folclore, mais é o único lugar onde pode situarse un castro nesta zona.

#### **OUTEIRO DOS MOUROS**

Estaría situado no lugar de Pedreira, na parroquia de Santa María de Xeve.

42°28'42'' latitude Norte, 8°35'36'' lonxitude Oeste, 307 mts.

Tomando a estrada provincial PO-223 no quilómetro 10 tomase unha pista a man esquerda, e a uns 500 mts a man esquerda.

Non se aprecian.

Non hai.

Os mouros vivían no outeiro e tiñan casas nel.

Unha canteira cubriu cunha capa de cascotes todo o castro polo que é imposible saber a súa configuración orixinal.

Bibliografía: Inédito.

### Referencia Históricas

Ademais de tódolos castros deste catálogo existen referencias bibliográficas e históricas sobre outros xacementos deste período dentro do municipio. Tódalas informacións comprobáronse co seguinte resultado:

#### **PONTEVEDRA**

Cítanse en tódolos tratados históricos, e case quen tódalas referencias a Pontevedra, a existencia de dous castros nos outeiros onde se asentan as igrexas de Santa María e San Francisco. Da primeira non hai, ata hoxe, probas arqueolóxicas que avalen tal tesis. Do segundo non hai máis dato ca cita de Álvarez Limeses na súa Geografía del Reino de Galicia, que repiten entre outros e a Gran Enciclopedia Gallega na palabra Pontevedra.

#### **CAMPAÑÓ**

Hai dúas referencias do Padre Sarmiento sobre castros nesta parroquia, que foron recollidos na Carta Arqueolóxica e nos traballos de Rodríguez Fraiz e outros. Os dous castros citados son o de Sineiro e o de Fiestoso ou da Tomba. O primeiro situado onde a igrexa parroquial. Un estudo do terreo non indica, máis ben contradice, que neste lugar puidera haber tido asento un castro. Por outra banda as cerámicas, sobre todo tégulas, achadas no lugar explícanse pola presenza da igrexa, arredor da que existiron enterramentos. O segundo situaríase no lugar onde hoxe esta a antena da TV, e polo tanto cae fora do límite do municipio pontevedrés.

#### **PONTESAMPAIO**

Hai unha referencia sobre do castro de Chan da Cruz.

Visitada a zona non se localiza tal asentamento nin os lugareños teñen noticias del, mentres que si da existencia dunha mámoa en Chan da Cruz.

#### **LOURIZÁN**

Dáse como castro algunha zona outra no derredor do pazo de Lourizán.

Visitada a zona non foi posible a súa localización. Poder ser que se refira a información ó Monte do Castro que dista un quilómetro deste lugar.

Outro lugar no que se sitúa un castro é en Pornado.

Visitada a zona acháronse dous fragmentos de cerámica medieval nun lugar de ladeira, onde é imposible a existencia dun castro.


#### **BORA**

O coñecido como castro de Bora non é outro co de Mourente.

## SALCEDO

O castro de San Martiño non existe, corresponde o Monte dos Penedos. Hai un claro desprazamento do topónimo.

O castro de Almunia non foi localizado na zona.



Pontevedra.- Localización dos castros

## BIBLIOGRAFÍA CITADA

- 1-Filgueira Valverde, J e García Alén, A. “*Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra*”. El Museo de Pontevedra. Pontevedra 1953.
- 1b-Filgueira Valverde, J e García Alén, A. “*Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra*”. El Museo de Pontevedra IX. 1955 y XIII, 1959.
- 1c-Ficheiro arqueolóxico do Museo de Pontevedra.
- 2-García de la Riega, C. “*Galicia Antigua*”. 1904.
- 3-Castillo López, A. “*Los castros gallegos*”. 1908.
- 4-Álvarez Limeses, G. “*Geografía del Reino de Galicia. Pontevedra*”. 1936.
- 5-López Cuevillas, F. “*La civilización céltica en Galicia*”. 1953.
- 5b- López Cuevillas, F. “*Estudios sobre a Idade de Ferro no Noroeste peninsular*”.
- 6- Blanco Freijeiro, A. “*La cultura castreña*”. 1960
- 7- Maluquer de Motes, J. “*La cultura Castreña en la Edad del Hierro*” 1975.
- 8- VV.AA. “*La romanización de Galicia*”. Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos n 16. 1976.
- 9- Vázquez Varela, JM. “*Las raíces de Galicia*”. 1980.
- 10- Gran Enciclopedia Gallega. Palabra Pontevedra.
- 11-García Alén, Al. “*Prehistoria e Arqueología de Pontevedra*” Diario La Noche

## ROMANIZACIÓN

Seguindo os textos dos escritores gregos e romanos contemporáneos, como *Ptolomeo*, *Hydacio* e moi especialmente *Plinio*, créese cas terras situadas entre os ríos Ulla e Verdugo estiveron de antigo habitadas por un pobo coñecido por CILENI, identificándose a localidade de Cuntis ca Aquae Celanae dos latinos. Estes serían os primitivos poboadores da bisbarra pontevedresa, limitando o Norte cos COPORI e polo Sur cos HELENI, que moraban pola ría de Vigo.

Aínda que a dominación romana da franxa costeira galega tiña un antecedente na expedición marítima que no 60 A.C. levou a *Julio César* ata Brigantium (A Coruña), o sometemento prodúcese cas Guerras Cántabras no tempo do emperador *Augusto* (29-19 A.C.). Pouco despois toda-la provincia da Hispania Citerior dividíase en varios Conventos Iuridici, división administrativa con autonomía en certas funcións xudiciais, gubernativas e relixiosas. Cando o emperador Caracalla manda crear a nova provincia **Gallaecia** (*Hispania Citerior Antoniana*) esta integrará os *Conventos Asturica, Lucensis e Bracarum*. Na actualidade discútese sobre do límite setentrional dos dous derradeiros, que algúns poñen nas marxes do río Verdugo e outros levan a liña entre Pontevedra e Marcofán. Tamén hai os que inclínanse polo río Lérez. No primeiro suposto as terras pontevedresas quedarían no Convento Lucense, mentres que nos dous restantes estaría dividido, servindo a cidade como punto de referencia occidental da delimitación.

As orixes da fundación de Pontevedra fican na lenda, cunha tradición ca atribúe ó heroe troiano TEUCRO, fillo de Telemon, quen tra-la caída da cidade fuxe cara occidente, atravesando as columnas de Hércules (Estreito de Gibraltar) e deténdose na ría, onde levanta a cidade de **Helenes**, cando corría o ano 1215 A.C. Para celebrar aquel acontecemento na fachada da antiga casa do concello había unha inscrición que posuía as seguintes estrofas:

“Fundoute Teucro valiente  
de aqueste río a la orilla  
para que en España fueses  
de villas, la maravilla”.

Moito máis certo resulta que Pontevedra foi unha **mansio** que no Itinerario Antonini nomease Ad duos pontes, no camiño entre Vico Spacorum e Grandimiro. Podería acontecer que este pequeno establecemento, preto dun castro que parece ser situouse onde hoxe está o templo de Santa María A Maior, e a súa favorable situación, fose atraendo poboación ata formar un viais ou aldea xunto ó Lérez.

Filgueira Valverde pensa ca cidade naceu como un lugar de asentamento dunha colonia militar romana, de maneira cas dúas vías principias estenderíanse de Norte a Sur pola Rual Real (cardum) e de Oeste a Este polas de Isabel II e P. Sarmiento (decumanus), cas súas saídas polas antigas portas da Ponte e Trabancas, e na segunda polas de Sta María e Sta Clara. Tampouco hai unanimidade na lectura do topónimo Duos Pontes crendo algúns que responde a necesidade de cruzar as pontes de Ponte Sampaio e logo do Lérez. Outros coidan que ven da existencia dos do Burgo e o chamado Pontenovo en Tomeza. A versión máis aceptable considera que había dúas pontes seguidas, baseándose na aparición, o facer unhas obras en 1831 na rúa do Puente (logo Real), de dous arcos dunha antiga ponte, e que xunto co chamado peirao de Prancha, actual

Ponte de Burgo, no 1592 había aínda unha illa. Ademais nun privilexio do rei asturiano Ordoño II denominase como Ambas Pontes a cidade, o que parece indicar que estaban unidos ou moi próximos. O nome Ponte Veteris (ponte antigo) non se documenta ata o ano 1103.

## VÍAS E COMUNICACIÓNS

Pontevedra conta cunha situación xeográfica ca posibilita doadamente para as comunicacións marítimas como para as terrestres. Todo por ubicarse no fondo da ría e o mesmo tempo ser un punto de encontro dos vales que forman o Tomeza, A Grandra e o Lérez. Sobre a primeira cuestión moi pouco hai que dicir aínda que o tráfico marítimo está evidenciado polo descubrimento de materiais romanos de importación, e máis claramente polos cepos de plomo de áncora recentemente recuperados na zona interior do Cabo Udra en Bueu.

Tan axiña como os romanos conquistaron Galicia iniciouse a construción dunha rede de camiños empedrados con fins militares para facilitar o movemento de tropas, que tamén axiña foron desbordados polos fins comerciais con obxecto de facilitar o transporte dos minerais da Gallaecia os puntos de embarque e exportación.

Os elementos máis significativos das vías romanas foron os miliarios, pesados blocos de granito con forma cilíndrica que ficábanse o pe das calzadas e no que se poñía un epígrafe, que o principio indicaba a distancia hasta o lugar onde finalizaba, e tamén recordaba as reparacións efectuadas por algún emperador. Nas épocas tardías estes epígrafes quedaron reducidos a simples monumentos que celebraban un “imperator”.

Nos límites do actual concello de Pontevedra recolléronse as seguintes pezas:

### **-ALBA, Sta María**

IMP(ERATORI) CAES(ARI) SEVERI PI(I) FIL(IO)  
DIVI M(ARCI) ANTONI NEP(OTI) DI  
VI ANTONINI PII PRONEP(OTI) DI  
VI ADRIANI PRONEP(OTI) DI  
VI TRAIANI PATR(H)IC(I) ET DIVI  
NERVAE ADNEP(OTI) CAESA) AUGUSTO PART(ICO MAXIMO  
E) T M(AXIMO) GERM(ANICO PON  
T) IFICI MAX(IMO) TR(IBUNICIA) POT(ESTATE)  
XVII I(MPERATOR) III CO(N)S(ULI)  
III P(ATER) P(ATRIAE)

Está adicado ó emperador Caracalla, e foi erixido no ano 214 A.C. É moi parecido ó de Arcade-Soutomaior, aínda que varían as derradeiras liñas do epígrafe e ten a indicación da distancia en millas.

Foi descuberto nunha casa arruinada polo fotógrafo da Sociedad Arqueológica de Pontevedra, fai case un século.

Bibliografía: 9-10.

### **-CERPONZÓNS, S. Vicente**

D(OMINO) N(OSTRO) MAG(NO MAG  
NENTIO PIO  
FELICI AUG(USTO)  
I(NVICT) O BONO  
(REI) PUBLI  
(CA) E NA(ATUS)...

Fíxose na memoria do emperador Magnencio, 350-353 A.C.  
Apareceu nunha propiedade campesiña servindo no alpendre e está roto.  
Bibliografía: 9-10.

**-SALCEDO, S. Martín**

IMP(ERATORI) CAES(ARI)  
TRAIANUS HAD  
RIANUS AUG(USTUS) P(ATER) P(ATRIAE) PO  
NT(IFEX) MAX(IMUS) TRIB(UNICIA) POT(ESTATE)  
XVIII CO(N)S(UL) iii A L(UCO) AUG(USTI)  
M(ILIA) P(ASSUM) LXXXV.

Esta adicado ó emperador hispánico Adriano no ano 134 A.C., ó igual co de Saxamonde-Redondela. Indica 95 millas a Lugo, mentres que o derradeiro sinala 18 a Braga. O que serve a algúns estudosos para considerar o río Verdugo como o limite entre os dous conventus.

Foi achado no lugar do Pazo, servindo de peso nun lagar, aínda que algún autor supón que procede de Tourón-Pontecaldelas e que con posterioridade foi traído ó Pazo que o arcebispo, D. Sebastián Acuña e Malvar (1784-1795) tiña en Almoíña, e no cal había outros exemplares.

Bibliografía: 10-9.

**-PONTEVEDRA, Sta María**

XIMINUS PIUS FELIX  
AUG(USTUS) GER(MANICUS) MAX(IMUS) PONTIFEX MAX(IMUS)  
TRIB(UNICIAE) PO  
TESTATIS (IV) IMP(ERATOR) VII PATER  
PATRIAE CONS(UL) PROCON(SUL)  
ET C(AIUS) IUL(IUS)V(ERUS) MAXIMUS  
NOBILISSIMUS CAES(AR) GERM(ANICUS)  
MAX(IMUS) DAC(IUS) MAX(IMUS) SARM(ATICUS) MAX(IMUS)  
PRINCEPS IUVENTUTIS FIL(IUS) D(OMINI) N(OSTRI)  
IMP(ERATORIS) C(AII) IUL(II) V(ERI) MAXIMINI P(IUS) FE(LIX)  
AUG(USTUS) VIAS ET PONTES TEMPORE VETUS  
TATIS CONLAPSOS RESTITUIER  
UNT CURANTE Q(UINTO) DECIO LEG(ATO) PROPR  
AETORE.

Conmemora os emperadores Maximo e Maximino, e data do ano 238 A.C. Foi erixido durante a inspección do Legado Propretos Q.Decio quen se ocupou de restaurar as vías e as pontes danadas polo tempo.

Descubriuse no 1895 por mor das obras do ferrocarril nun paraxe moi próximo a Ponte do Couto.


Bibliografía: 10-9.

Para rematar hai que indicar co Arcebispo Acuña e Malvar reuniu no seu Pazo de A Carballeira un fato de miliarios de descoñecida orixe, adicados a Carino (223 D. C.), Flavio Severo (305 D.C.) e Licinio (311-322 D.C.). E case seguro que pertenceron ó tramo da VIA que ía dende Pontesampaio a PonteValga, e quizais máis concretamente entre os límites do concello de Pontevedra e a vila de Caldas de Reis, onde aínda non se descubriu ningún.

O Itinerari Antonini é un nomenclator do século III, onde aparecen consignadas as vías que atravesaban Galicia, cas súas mansións e as súas distancias. Segundo este a zona suroccidental galega era atravesada pola II Militar ou Vía XX, tamén denominada “per loca maritima”, e a IV

Militar ou Vía XIX. As mansio, especie de paradas de posta, con interese para a bisbarra pontevedresa, eran:

Vía XIX		Vía XX	
Limia	XVIII milia passum	Aquis Celenis	CLXV stadia
Tude	XXIII milia passum	Vico Spacorun	CXCV stadia
Burbida	XVI milia passum	Ad duos Pontes	CL stadia
Turoqua	XVI milia passum	Grandimiro	CLXXX stadia
Aquis Celenis	XXIII milia passum	Trigundo	XXII milia passum
Iria	XII milia passum	Brigantium	XXX milia passum



Estas dúas vías no seu conxunto cubrían o percorrido entre as capitais de BRACARA e ASTURICA AUGUSTA, ca diferenza de que a XX, ou “Per loca maritima”, tal como refire o seu nome, levaba un trazado máis próximo a costa, ata unir os seus trazados nun punto máis setentrional.

No que se refire a II Militar, case que tódolos investigadores están de acordo en face-la entrar na Galicia por Tui, localizando logo Vico Spacorum en Redondela ou Vigo, onde cegaba ó través do Val do Louro, ou da costa atlántica. Pola costa seguía ate Pontevedra, identificada con Ad duos Pontes. A partires de ahí uns pensan que continuaba ata Caldas de Reis e Ponte Valga (Grandimiro) ou Carril, mentres outros a desvían cara o NE, levándoa a Cuntis e situando a derradeira mansio en Vilariño.

Tal como propoñen algúns estudosos (Blázquez Jiménez, Filgueira Valverde e Estefanía Álvarez) a vía entraría por Tui e continuaría polos vales do Louro e Maceiras tras subir o Alto de Guizán, para chegar a Redondela, dende onde seguiría paralelo ó mar, atravesando o Verdugo por Pontesampaio e accedendo ó Val do Tomeza, seguindo por Salcedo ata cruzar a Ponte do Couto e chegar a Pontevedra. de onde volve a partir cara o Norte polo curso do Grandra, a través de Alba e Cerponzóns.

Esta calzada foi construída nos primeiros anos de dominación romana, como unión das tres cidades da Gallaecia, onde moraban as guarnicións, e tamén servían como base da explotación e o comercio da rexión. aínda que foi o emperador Adriano o que máis reparou e coidou esta vía, parece ser que tamén no século III gozou dunha grande importancia.

En canto a vía XIX, algúns sitúan a mansión Burbida en Borbén, mentres que Turoqua fíxana en Tenorio, Tourón ou Pontecaldelas, e Aquis Celenis en Cuntis ou Padrón. Algúns autores fan pasar por Tourón e dende alí a dirixen ata Bora, onde cruzaría o Almofrei, para chegar por Tenorio (Cotobade); aínda que outros a desvían cara o Este levando o trazado dende Tourón ata Borela, sen tocar terras pontevedresas.

Bibliografía: 1-7-8-10-15.

## RELIXIÓN

Os galaicos fóronse adaptando dunha maneira lenta as costumes e crenzas da cultura romana dominante de forma especial no campo das ideas relixiosas, de tal maneira que conservaron as súas supersticións e divinidades aínda que en ocasións as asimilaban cos deuses romanos de parellas características. Entre os elementos que tomaron dos conquistadores cabe subliñar as aras (pequenos altares) destinados ó culto domestico, e adicadas, como un sacrificio incruento, as divinidades. Tamén incorporaron dende o século III d.C., a practica funeraria da inhumación dos corpos, que ven a sustitui-la tradicional cremación castrexa, enterrando os mortos en cadaleitos, xeralmente fabricados con tégulas (tellas planas) ou simples lousetas de pedra, cunha sección rectangular, trapezoidal ou triangular, dentro da que podíanse depositar co morto as ofrendas funerarias. En ocasións ficábase unha estela na cabeceira ou a modo de tapa e na que se poñía o nome do defunto con referencias a súa vida.

No municipio pontevedrés apareceron varias aras.

### **-CAMPAÑÓ, San Pedro**

°-Na capela de San Paio, tamén baixo a advocación dos santos infantés Xusto e Pastor, no lugar de Freixo, existía un ara cunha inscrición repicada, que ata fai pouco tempo era utilizada como pila de auga bendita, para o que ampliáronlle o primitivo focus, cavidade na cara superior destinada a conter aceite. Antigamente existía a crenza de que tiña propiedades curativas para sanar certas enfermidades dos nenos. A destrución total ou parcial das aras, foi cousa común porque o clero católico considerábanas obxectos do culto pagano.

Bibliografía: 10-12-16.

### **-LOURIZÁN, San Pedro**

°-No lugar de A Iglesia, a ámbolas dúas bandas da estrada a Marín, encontraronse nos cimentos dalgúns vivendas un conxunto de dúas aras, case completas e outros trozos sen inscrición. Tamén nunha finca próxima apareceu un relieve. As aras teñen as seguintes lendas:

DEO V	(D)EO
ESTIO	VESTI(O)
ALONI	(A)LONIE
ECO AR	CO A
AM	(RAM) P (OSIUT)
P (OSUIT) SEV	
ERA	

A segunda presenta unha decoración con volutas os lados do focus, e debaixo dúas esvásticas de aspas sobre uns arquiños. Un dos trozos anepígrafes tamén presenta volutas, e na zona inferior tres volutas, recordando en conxunto a algúns exemplares do Facho de Donón e do Castelo de Darbo. As pezas máis completas teñen unha altura entre os 81 e os 87 cm., unha anchura de 23 cm., e un grosor de 34 cm. Trátase de dúas aras adicadas a unha divinidad autóctona galega denominada VESTIO ALONIECO, unha delas por unha tal Severa. Hai que subliñar que non é común en Hispania que as mulleres aparezan como devotos nos epígrafes. A raíz VEST podería ter unha orixe indoeuropea, aparecendo en topónimos e nomes propios, mentres que ALANIECUS faría referencia a unha gentilitas (unión de familias), co deus VESTIO como patrón protector.

°-Tamen encontrouse un bloco granítico rectangular, de 65 x 45 cm., onde aparece a metade superior dun corpo dunha persoa vista de cara, cunha grande testa barbada e uns sinxelos rasgos, cun pelo ou casquete con dous cornos moi abertos e dunha soa rama. Do torso saen dous brazos en cruz, cas mans abertas. Algúns estudosos pensan que se trata dun casco do tipo inglés ou que a figura amosa unha divinidad semellante o deus irlandés LUGH. Outros a comparan cunha estatuilla do deus MARTE CAPITOLINO que apareceu no pirineo aragonés, asociándoa deste modo co touro e cun deus de atributos guerreiros.

Bibliografía: 2-3-9-10.

### **-PONTEVEDRA**

Na casa rectoral de Santa María A Maior apareceu un trozo dun ara provinte do vello pavimento da igrexa, onde se pode ler:

ARAM....  
SED...

Bibliografía: 1-9-10.

**-TOMEZA, San Pedro**

No fondo da caixa dun empedrado do camiño que se cree pertencía á calzada romana, a so 1 quilómetro da Ponte do Couto, apareceu un fragmento de ara que formaba parte dunha composición como se deduce do robusto moldeado labrado que ten no seu reverso. Está adicada por un personaxe chamado Iunio, e presenta a curiosa característica de que algunhas letras están o revés e a inscrición debese ler de esquerda a dereita.

SVINVI  
V.SVIJIF  
D.SIRA  
T IDE

Bibliografía: 1-9-10.

**-XEVE, S. Andrés**

No ano 1897 a Sociedad Arqueológica de Pontevedra recibiu o legado dunha peza achada no lugar de Santa Cruz do Fragoso, de 36 cm. de ancho e 14 cm. de grosor. Nela pódese ler:

(L)ARIB(U)  
S V(IALUBUS) P(UELLA)  
AR(AM) P(OSUIT)  
L(IBENS) M(ERITO)

Está adicada ós Lares Viales, divinidades que contan cos máis exvotos no NW peninsular, ós que se lles supón unha semellanza con outras divinidades indixenas que terían a mesma misión de protexer a camiñantes e viaxeiros, tendo un certo carácter supersticioso.

Bibliografía: 9-10.

## NECRÓPOLE

As noticias existentes sobre necrópoles de tumbas romanas son moi poucas e parciais, e se complican pola súa supervivencia en época xermánica e posteriores, podendo sinalarse as de:

**-CAMPAÑÓ, San Pedro**

Nun lugar preto da igrexa atopáronse trozos de tégulas con marca. Non está moi claro que se trate dun cemiterio romano.

Bibliografía: 10-11-16.

**-LOURIZÁN, S. Andrés**

Preto do Monte do Castro, no lugar de Freixo descubríronse no 1939 varias tumbas de sección rectangular feitas con laxes de pedra cubertas con grosos ladrillos e abondosos fragmentos de tégulas.

Bibliografía:

**-MARCÓN, San Miguel**

Nunha finca chamada A Bouza atopáronse unha grande cantidade de sepulturas feitas con ladrillos, xunto cun machado de cobre. A Sociedad Arqueológica de Pontevedra recorreu parte dunha cova que se encontra no Monte do Castro, que con posterioridade foi visitada polos Explora-

dores de Pontevedra, que atoparon nela ladrillos e tumbas, en moi mal estado de conservación.

Bibliografía: 10.

#### **-MOURENTE, Santa María**

Como noutros casos xa indicados no Monte do Castro desta feligresía, a finais do século pasado a Sociedad Arqueológica escavou unha necrópole romana na que se atoparon moitas tumbas rectangulares feitas con blocos graníticos e tégulas.

Bibliografía: 10.

#### **TOMEZA, San Pedro**

Xunto o atrio da igrexa parroquial atopáronse os restos dunha necrópole que tiña pezas de época xermánica, mesturadas con ladrillos e tégulas.

Bibliografía: 10.

### **NUMISMÁTICA**

Ca dominación romana prodúxose a chegada a Galicia de moedas emitidas polos obradoiros ou cecas imperiais, que nun principio foron consideradas polos indíxenas castrexos como obxectos decorativos, i exóticos, para co paso do tempo chegar a se converter nun verdadeiro medio de intercambio comercial. Nas terras pontevedresas existen abondosas referencias a achádegos de pezas isoladas e as veces “tesorillos” que pola antigüidade do seu descubrimento se perderon sen ser estudados.

#### **-BORA**

No monte do Castro, apareceu un grande bronce do emperador Antonino Pio, cun módulo de 26 mm. No anverso: un busto laureado a directa e a inscrición COMMODUS ANTININUS AVG.PIUS. No reverso: a Paz en pé a esquerda, cun ramo de olivo e cornucopia.

Bibliografía: 5-10-11.

#### **-CAMPAÑÓ.**

No ano 1956, por mor das obras de reparación da igrexa, baixo o pavimento, apareceron un grande número de bronzes do Baixo Imperio, que voltaron a ser depositados xunto con moedas actuais no mesmo lugar por mandato do párroco.

Bibliografía: 10.

#### **-LOURIZÁN**

Cando se realizaban os traballos do ferrocarril de Pontevedra a Marín, nos lugares de Lourizán e Placeres, entre os restos de antigas edificacións atopouse una arqueta de pedra tapada cunha peza de Bronce que contiña unhas 60 moedas romanas.

Bibliografía: 10.

#### **-PONTEVEDRA**

Existe unha referencia de que no ano 1784, a unha legua de distancia da cidade, descubriuse unha urna que contiña máis de 6.000 moedas, algunhas destas aínda eran localizables fai un século.

Bibliografía: 10.

### **-PONTESAMPAIO**

O facerse a explanación para a construción da fábrica de porcelana apareceron, segundo referencias, algunhas moedas romanas.

Bibliografía: 10.

### **-TOMEZA**

°-Según Fr Martín Sarmiento no castro de S. Cibrán ou Sidrán apareceron varios exemplares de moedas romanas, algunhas de ouro, tendo unha delas gravada unha cerva no reverso. Este mesmo autor sospeita que procede desta feligresía un bronce mediano de Vespasiano, que tiña un epígrafe coa lenda: FORTUNA REDUCI.

°-No antedito lugar descubriuse unha moeda denominada “caetra”, cun módulo de 28 mm e 10,75 grs. de peso. No anverso: unha cabeza desnuda de Augusto á esquerda entre caduceo e palma, ca inscrición IMP.AUS.DIV.F. No reverso: a caetra.

Estes numismas, ca efixie do emperador Augusto e un pequeno escudo circular prerromano, usado polos pobos do NW peninsular, parece que foron emitidos por unha ceca itinerante durante as campañas militares de conquista contra Galaicos, Cántabros e Satures. Algúns deles baixo a potestade do legado imperial P. Carisio.

Bibliografía: 5-10-11-17.

### **-XEVE**

No 1847 un labrador descubriu un ánfora que contiña unha grande cantidade de moedas de ouro, prata, bronce, cobre e vellón, pertencentes os emperadores:

Nerva	96-98	Quieto	260
Trajano	98-117	Galiano	260-268
Adriano	117-138	Claudio II	268-270
Antonino Pio	138-161	Quintilio	270
Macrino	217-218	Tetrico	270-272
Gordiano	237	Valentiniano I	364-375
Filipo	244-249	Graciano	367-383
Volusiano	251-253	Valentiniano II	375-392
Postumo	258-268		

Bibliografía: 5-10-11-14-17.

A tesourización detense en dous momentos: primeiro, pouco antes da invasión dos francos e alamanes no 276, de boa parte de Hispania, provocando o terror e arruinando as zonas comerciais de onde proceden os numismas. A serie remata nas derradeiras décadas do século IV, como nos tesorillos de A Peneda do Viso-Soutomaio e de Caldas de Reis, por mor da ameaza dos piratas, a inestabilidade social interna e o medo as incursións xermánicas.

## ARTES Suntuarias

### -LOURIZÁN

°-Xunto cas moedas xa reseñadas nesta parroquia encontrouse unha “falera”, pequena placa decorada de bronce para fixar os arneses das cabalerías cunhas anelas, que ten unha forma cuadrangular cun núcleo central a modo de umbo e catro anelas circulares nos ángulos, unidas entre si por unha serie de arcos de ferradura. A pesares de que foi catalogada como visigoda, puidera datarse na Baixa Romanidade, aínda que logo fora moi utilizada polos pobos xermánicos.

Bibliografía: 4-10.

### -PONTEVEDRA

°-Conservase unha escueta noticia de que entre os cimentos do antigo hospital de S. Xoán de Deus, apareceu un anaco de mosaico romano o que podería indicar a existencia dunha villae (establecemento rural) ou dun establecemento romano.

°-Nun punto descoñecido da cidade descubriuse o selo dun anel romano ca forma dunha placa ovalada, de ouro de 24 quilates e 1,6 grs. de peso. Neste selo aparece tallada a efixie de VENUS VICTRIX. A divindade amosa a espalda semidesnuda, suxeitando o seu manto sobre un pilar entorchado, cunha rama de olivo nunha man e unha maza na outra, e un escudo co seu umbo no chan que ben puidera ser o de o deus Marte.

Bibliografía: 8-10-13-17.

## A CERÁMICA

### -PONTEVEDRA

Nos cementos do vello hospital de S. Xoán de Deus tamén descubriuse unha peza de cerámica coñecida como “urceolus”, una vasixa de época tardía que aínda que de feitura autóctona segue modelos formais romanos

Bibliografía:

### -PONTESAMPAIO

No desaparecido Museo de Arcade, fundado por D. Xosé Solla, gardábanse dous ou tres ánforas completas procedentes do areal de preto da ponte da desembocadura do río Verdugo

Bibliografía: 6-10-14-15.

### -SALCEDO

Nun lugar chamado Santos de Mollabao, nas cercarías da vella capela, atopouse un exemplar anfórico de 114 cm. de altura e 83,5 cm. de perímetro máximo de panza, feita de arxila cun engobe roxizo e de cor rosa claro. Pertence o tipo denominado Dressel 2-4, polo que se dataría nos séculos I-II d.C. No seu interior detectáronse restos que permiten supor que debeu conter viño.

Bibliografía: 6-10-14-15-17.

### Bibliografía citada

- 1- Álvarez Limeses, G. “*Provincia de Pontevedra*”. Na Geografía del Reino de Galicia. Barcelona 1936.
- 2- Bouza Brey, F. “*Las aras romanas de Lourizán. Una nueva deidad en la mitología galaica*”. El Museo de Pontevedra III. 1944
- 3- Bouza Brey, F. “*Vestio Aloniego, nueva divinidad galaica*”. Archivo Español de Arqueología XIX. Madrid 1946.
- 4- Bouza Brey, F. “*Falera visigótica de Lourizán*”. El Museo de Pontevedra V. 1958.
- 5- Cavada Nieto, M. “*Hallazgos monetarios en los castros de Galicia*”. Boletín del Seminario de Arte y arqueología XXXVIII. Valladolid 1972.
- 6- Díaz Álvarez, P. “*Ánforas romanas en el eje atlántico galaico lusitano*”. Vigo 1984.
- 7- Estefanía Álvarez, MDN. “*Vías romanas de Galicia*”. Zephyrus 11. Salamanca 1960.
- 8- Filgueira Valverde, J. “*El trazado de la Pontevedra romana*”. El Museo de Pontevedra XXVII. Pontevedra 1973.
- 9- Filgueira Valverde, J y D’Ors, A. “*Inscripciones romanas de Galicia. El Museo de Pontevedra*”. Santiago 1955.
- 10- Filgueira Valverde, J y García Alén, A. “*Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra, e “Adiciones a la.....”*”. El Museo de Pontevedra, 1956 y tomos IX-XIII, ademáis do ficheiro da devandita institución.
- 11- García Alén, A. “*La moneda hispánica en el Museo de Pontevedra*”. El Museo de Pontevedra VII. 1952.
- 12- García Alén, A. “*Datos para un catálogo arqueológico de Campañó*”. Campaniola, septiembre 1956.
- 13- García Alén, A. “*Dos anillos romanos del Museo de Pontevedra*”. Cuadernos de Estudios Gallegos XIV. Santiago 1959.
- 14- González Fernández, XM. “*O comercio romano na ría de Vigo*”. Brigantium 4. Coruña 1983.
- 15- Rodríguez Colmenero, A. “*Aspectos geográfico-históricos en torno al Convento Jurídico Bracaraugustano*”. Hispania Antiqua II.1972.
- 16- Rodríguez Fraiz, C. “*Campañó*”. Gran Enciclopedia Gallega IV. Santiago 1974.
- 17- Tranoy, A. “*La Galice romaine*”. París 1981.
- 18- Publicaciones periódicas pontevedresas: La Opinión 6-12-1897; Avante 5-1-1922; Galicia Nueva 11-11-1935.